O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contando desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima ós/ás interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

#### **Solicitud e documentación.**

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia. Xunto coa solicitude achegarase a documentación establecida nas Bases.

#### **Recursos.**

Contra as Bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderanse interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

#### **Criterios de valoración e distribución das axudas.**

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos ingresos dos compoñentes da unidade familiar de convivencia. No caso de acreditar unha deterioración significativa da capacidade económica da unidade familiar, a renda per cápita considerada será a correspondente ó primeiro trimestre do ano 2019.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dúas os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%, ata un máximo de dous membros.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dúas cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederanse por maior número de membros da unidade familiar.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada entre as persoas beneficiarias.



## Concello de Vigo

- 1.- Contía para libros e material escolar 85,00€/ alumno/a.
- 2.- A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 41,00€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 28,70€, o 70%, por ter menos días lectivos. A diferenza, de existir, entre o prezo da praza de comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou tutor.

### **Publicidade.**

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios oficial do Concello e nos Centros de Servizos Sociais Municipais, con expresión do DNI/NIE/pasaporte do solicitante (ordenado numericamente)/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros, material escolar ou comedor ou ambas) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de espera). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### EXTRACTO DA CONVOCATORIA

De conformidade co previsto nos Arts. 17.3.b) e 20.8.a) da L.38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o EXTRACTO DA CONVOCATORIA do programa de axudas indicado. O seu texto íntegro pode consultarse na web da BDNS.

### **Persoas beneficiarias.**

Alumnos/as matriculados no curso escolar 2019-2020 en centros docentes públicos ou privados concertados, en educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio no termo municipal de Vigo. Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de Educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto.

### **Obxecto e finalidade.**

Estas axudas van dirixidas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2019-2020, que non contén con recursos económicos suficientes.

### **Bases reguladoras.**

Foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº do .

### **Crédito orzamentario.**

O importe total das subvenciones a conceder non excederá do límite de 1.205.000,00€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 "*Becas libros e comedor*". Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento. Poderase incrementar o crédito inicial cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do exercicio anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RGS). A contía máxima a incrementar será de 120.000€.

### **Presentación de solicitudes e prazo.**

Os/as solicitantes das axudas presentarán as solicitudes a través do Rexistro Xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contando desde o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LGS.

**3(470).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VIDA DIGNA PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2019-2021). EXPTE. 180999/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/04/19, e o informe de fiscalización do 24/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/04/19, asinado polo xefe da área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando nos últimos anos coa Asociación "Vida Digna", entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas dos centros específicos que atenden ás persoas en estado de necesidade e xestiona en Vigo un comedor social de fin de semana e un servizo de reparto de bocadillos.

Para garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos da Asociación "Vida Digna", estímase conveniente que o convenio en cuestión teña carácter plurianual (2019 – 2021).

Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2019 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.12 - "*Convenio Vida Digna*", por un importe de 45.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As subvencións previstas para os exercicios de 2020 e 2021 (45.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.



## Concello de Vigo

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

*«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;*

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

*«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación “Vida Digna” (exercicios de 2019, 2020 e 2021) para a execución do programa de comedor social de fin de semana e reparto de bocadillos.

II. Visto o informe da Xefa do Servizo, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a “Asociación Vida Digna” (CIF G-36884708) para os anos 2019, 2020 e 2021 que ten por obxecto a atención das necesidades básicas de alimentación de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 135.000€, a razón de 45.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2019, á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.12 (“Convenio Vida Digna”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2019 – 2021)».

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de ..... de 2019

### COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D. Ricardo Misa Díaz, con DNI nº 76.990.621-F, Vicepresidente da «Asociación VIDA DIGNA», CIF nº G-36884708, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Vázquez Varela nº 21, baixo, de Vigo, CP 36204.

### INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Ricardo Misa Díaz, actuando en representación da «Asociación VIDA DIGNA», segundo así resulta dos seus estatutos e da certificación do Secretario da Asociación de data 21.02.2019 achegado ó expediente, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.



## Concello de Vigo

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación VIDA DIGNA» é unha organización sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de asociacións de Pontevedra co nº 2001/005526-1, que ten como obxectivo a atención integral ás persoas en estado de necesidade, facilitándolles a axuda necesaria para satisfacer as súas necesidades materiais, formativas, psicolóxicas, administrativas e ocupacionais.

II.- Que, entre os seus proxectos e programas de asistencia, desenvolve unha actividade de apoio con alimentos básicos a familias en situación de risco ou exclusión social e, ademais, xestiona un comedor social de fin de semana, proporcionando ás persoas usuarias alimentación todos os sábados e domingos do ano, complementando deste xeito ós outros servizos de comedor da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a este dispositivo para poder satisfacer, alomenos en parte, as súas necesidades básicas de alimentación. Ademais, este recurso constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas*

*para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

#### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación VIDA DIGNA», que se compromete a prestar atención ás persoas en situación de emerxencia ou risco de exclusión social, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica, cun servizo de comedor social os fins de semana e festivos durante todo o ano. Atenderá tamén ás persoas que sexan derivadas pola Concellería de Política Social para axuda de alimentos por medio





## Concello de Vigo

de paquetes quincenais que comprendan alimentos básicos e, ademais, bocadillos diarios e paquetes adaptados semanalmente a persoas sen fogar ou que non teñen acceso a cocinar.

SEGUNDA.- A Asociación comprométese a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación VIDA DIGNA» unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 45.000€/ano; en total, polo período de vixencia do Convenio: 135.000€. O gasto correspondente a 2019 imputarase á aplicación nº 2310.489.00.12 – “*Convenio Vida digna*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán chegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais,

da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da Asociación e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área (ou persoa na que delegue).



## Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- A «Asociación VIDA DIGNA» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo ( <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  - Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no Art. 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio (2019 – 2021).

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do proxecto emitirá informe ó respecto



## Concello de Vigo

facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do Art. 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro desta na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e

do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

#### **4((471).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN NÁUTICO E MARIÑEIRO 2019. EXPTE. 8814/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 27/05/19, que di o seguinte:

##### **9.- Propostas de clasificación/clasificación**

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336) na seguinte orde descendente:

##### **LOTE 1: VERÁN NÁUTICO I**

	<b>Licitador</b>	<b>Criterio xuízo valor</b>	<b>Criterios fórmula</b>	<b>Puntuación total</b>
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos



## Concello de Vigo

### LOTE 2: VERÁN NÁUTICO II

	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos

### LOTE 3: VERÁN MARIÑEIRO

	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A escritura de constitución e o poder de representación esixidos na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). (A acreditación da solvencia económica e técnica, o nomeamento do delegado, o compromiso de adscripción de medios e o acordo de confidencialidade xa foron presentados no sobre A).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a a precedente proposta.

### **5(472).- ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS: QUIOSCOS DO CONCELLO DE VIGO 2019. EXPTE. 13848/306.**

Visto o informe de fiscalización de data 27/05/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

#### 10.- Propostas de adxudicación

a) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento para a autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 14 de maio de 2019 a Mesa de Contratación acordou non admitir a D<sup>a</sup>. MÓNICA VILLAR RAMIRO neste procedemento por non ter emendado, no prazo concedido, a documentación presentada no sobre 1 segundo os requisitos de presentación previstos na cláusula sexta (punto 2 do apartado A) do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306) na seguinte orde descendente:*

<b>LOTE 1 quiosco do areal da Punta (A Guía) sinalado co nº 1</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	100	1 <sup>a</sup>

<b>LOTE 2 quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre) sinalado co nº 2</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Administración de Playas, S.L.	100	1 <sup>a</sup>





## Concello de Vigo

<b>LOTE 3 quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 3</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
María Francisco Touriño	100	1ª

<b>LOTE 4 quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 4</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Obdulia Lastra Francisco	100	1ª
Administración de Playas, S.L.	42,41	2ª

<b>LOTE 5 quiosco do areal de Argazada sinalado co nº 5</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Administración de Playas, S.L.	100	1ª
Obdulia Lastra Francisco	91,74	2ª

<b>LOTE 6 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 6</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Ricardo Santiago Daponte	100	1ª

<b>LOTE 7 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 7</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	100	1ª
Ricardo Salgado Daponte	93,41	2ª

<b>LOTE 8 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 8</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Estela Rial Abalde	100	1ª
María Francisco Touriño	44,96	2ª

<b>LOTE 9 quiosco situado no areal do Vao sinalado co nº 9</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Administración de Playas, S.L.	100	1ª
Manuel Lago Chapela	91,68	2ª

<b>LOTE 10 quiosco situado no areal do Vao sinalado co nº 10</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Ricardo Santiago Daponte	100	1ª
Manuel Lago Chapela	77,62	2ª

<b>LOTE 11 quiosco do areal da Etea sinalado co nº 11</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	100	1ª
Administración de Playas, S.L.	84,93	2ª

Segundo.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar no cadro anterior, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas quinta e décima do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



## Concello de Vigo

### 3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula undécima do prego de cláusulas administrativas particulares*”.

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, D. MANUEL LAGO CHAPELA (lotes 1, 7 e 11), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2, 5 e 9), D<sup>a</sup>. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lote 3), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 10), D<sup>a</sup>. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4), e D<sup>a</sup>. ESTELA RIAL ABALDE (lote 8), o día 21 de maio de 2019, que presentan a documentación requirida, dentro do prazo concedido, nas seguintes datas:

- D. MANUEL LAGO CHAPELA: 24 e 27 de maio de 2019
- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.: 23 de maio de 2019
- D<sup>a</sup>. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO: 23 e 24 de maio de 2019
- D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE: 23 de maio de 2019
- D<sup>a</sup>. OBDULIA LASTRA FRANCISCO: 23 de maio de 2019
- D<sup>a</sup>. ESTELA RIAL ABALDE: 24 de maio de 2019

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 27 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitadores clasificados en primeiro lugar, D. MANUEL LAGO CHAPELA (lotes 1, 7 e 11), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2, 5 e 9), D<sup>a</sup>. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lote 3), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 10), D<sup>a</sup>. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4) e D<sup>a</sup>. ESTELA RIAL ABALDE (lote 8), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

3º.- Denegar as prazas solicitadas polo alumnado de 3º ESO seguinte, por non cumprir os requisitos sinalados a continuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO
1	Abalde Freiria	Mario	****0848	A
2	Alonso Fernandez	Jerom	5465****	A
3	Alvarez Gonçalves	Marina	****0495	A

<b>Nº</b>	<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>MOTIVO</b>
4	Arce Hermo	Nerea	5423****	A
5	Arnos Rodriguez	Alicia	****0079	A
6	Avellanal Villasanta	Adriana	5438****	A
7	Ayllon Avalos	Nicole Dayana	****5422	A
8	Baluja Iglesias	Isabela	3948****	A
9	Barga Rodrigues	Thomas	****5329	B
10	Carrera Garcia	Iago	5397****	A
11	Cascallana Ferreira	Laura	****9325	B
12	Chavez Garcia	Mateo	3558****	A
13	Cid Penin	Candela	****1925	A
14	Conde Lema	Alba	5447****	A
15	Costas Ferradas	Pedro	****1388	B
16	Crispin Varela	Anton	5423****	A
17	Domaica Garcia	Candela	****9253	A
18	Fernandez Becerro	Borja	5450****	A
19	Fernandez Costas	Pablo	****9913	A
20	Fernandez Pascual	Bianca	3948****	A
21	Fernandez Rey	Marta	****6043	A
22	Fernandez Rodriguez	Mercedes	5397****	A
23	Fernandez Rodriguez	Paula	****4188	A
24	Fernandez Rodriguez	Rodrigo	3949****	A
25	Fernandez Valverde	Veronica	****8278	A
26	Figueiras Ferreira	Ainhoa	5385****	B
27	Figueroa Nuñez	Pedro	****2286	A
28	Freire Covelo	Manel Rosendo	3949****	A
29	Garcia de Miguel	Carolina	****0294	A
30	Garcia Lopez-Corona	Carmen	5381****	B
31	Garcia Vazquez	Alejandro	****9565	A
32	Gomez Abalde	Oscar	5385****	A
33	Gomez Mouriño	Andrea	****8746	A
34	Gonzalez Comesaña	David	5397****	A
35	Gonzalez Jorge	Paula	****8848	A



## Concello de Vigo

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO
36	Gonzalez Rodriguez	Iago	3951****	A
37	Grande Bandeira	Alexia	****8713	A
38	Huidobro Picatoste	Beatriz	3951****	A
39	Iglesias Figueroa	Pedro	****8326	A
40	Iglesias Gonzalez	Pedro	5491****	C
41	Iglesias Martin	Iris	****4100	A
42	Lago Pardo	Emma	3949****	A
43	Lopez de Matea	Mencia	****5574	A
44	Maestu Fernandez	Jana	3951****	A
45	Martin Alonso	Noa	****1914	A
46	Martinez Estevez	Fabio	3949****	B
47	Martinez Lago	Alba	****4431	A
48	Mendoza Arnaiz	Paloma	7748****	B
49	Miguez Fernandez	Alvaro	****6514	A
50	Millan Coutiño	Natalia	3951****	A
51	Monteiro Estevez	Marta	****4785	A
52	Mosquera Docampo	Hugo	5381****	A
53	Muiña Vilches	Vanesa	****8917	A
54	Muñoz Fernandez	Roi	5450****	A
55	Otero Iriarte	Sofia	****4551	A
56	Padron Carrera	Pablo	5397****	A
57	Pato Rodriguez	Yaiza	****7785	A
58	Pequeño Cobas	Denis	3948****	B
59	Pereira Olmeda	Santiago	****7305	C
60	Perez Fernandez	Javier	3563****	B
61	Piñeiro Iglesias	Cibran	****6095	A
62	Prado Merino	Lucia	5423****	A
63	Prieto Lopez	Uxia	****0309	A
64	Pujales Gonzalez	Ines	5385****	A
65	Rajo Valle	Aldara	****0135	A
66	Ramos Alvarez	Carmen	3949****	A
67	Rodriguez Cabaleiro	Diego	****3242	A

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO
68	Rodriguez Gomez	Diego	3949****	A
69	Rodriguez Lopez	Luis	****6772	B
70	Roman Tubio	Rosalia	5397****	A
71	Romero Canedo	Alberto	****8581	A
72	Ruiz Pozo	Hugo	3949****	A
73	Sanchez Barbosa	Noelia	****9120	A
74	Santos Perez de Quevedo	Elena	5397****	A
75	Sarabia Sanchez	Saul	****6728	A
76	Seijas Cid	Miguel Angel	5423****	A
77	Soler de la Peña	Alvaro	****6341	B
78	Solleiro Leiros	Lucia	5382****	A
79	Tacconi Freire	Vera	****9982	A
80	Varela Villar	Ariana	5385****	A
81	Vazquez Balea	Ainara	****7188	A
82	Vazquez Figueroa	Jaime	5438****	A
83	Vazquez Filgueiras	Alba	****3241	A
84	Veloso Rodriguez	Eva	3951****	A

\*Motivos de exclusión

A: Non cumprir os requisitos recollidos nos puntos 3.1.1, 3.1.2 e 3.1.3 das bases do Programa Vigo en Inglés 2019: "Estar a cursar 3º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2018/2019, Ter aprobadas todas as materias de 2º da ESO e ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2º de ESO".

B: Non cumprir os requisito recollido no punto 3.1.4 das bases do Programa de Vigo en Inglés 2019: "Estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 01/01/2018".

C: Solicitudes presentadas fóra de prazo.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **7(474).- RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO CONTRA O EMPREGADO PÚBLICO CO Nº DE PERSOAL 61308. EXPTE. 2758/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, de data 24/05/19, que di o seguinte:

Vistas as distintas actuacións practicadas no expediente disciplinario de referencia e o informe do instrutor do expediente disciplinario de data 02/05/2019, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, en virtude da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, eleva a seguinte proposta de acordo de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local,

#### PROPOSTA DE ACORDO

#### **I.-ANTECEDENTES**

1.- O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica (Delegación competencial efectuada en Decreto do alcalde de data 19/06/2015 e acordo da XGL da mesma data, BOP 14/07/2015), en data 25/10/2018, ditou resolución incoando expediente disciplinario ó emprego municipal con número de persoal 61308, ós efectos de dilucidar e esclarecer a hipotética comisión de falta disciplinaria, nos termos do dispostos no artigo 95 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.

Tamén, na citada resolución, designábase instrutor ó funcionario, Otero Faílde, S. (NP 21640), e secretario ó funcionario D. Covelo Roma R.G. (NP 23627).

Asimesmo, outorgábase un trámite de audiencia ó interesado por termo de 15 días, para formular as alegacións procedentes en defensa dos seus dereitos, informándolle que podería promover a recusación do instrutor e secretario consonte ó dispostos no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

2.- A dita resolución notificouse, entre outros, ó inculpado en data 22/11/2018 (acuse de recibo do Servizo de Correos), sen que presentara ningunha alegación. Tamén, se notificou ó Comité de Empresa o 08/11/2018.

3.- Constan no expediente os seguintes informes e documentos incorporados:

- Informe do adxunto á xefatura do Servizo de Deportes – Director Técnico de data 05/10/2018, conformado polo concello delegado de Deportes.
- Informe da Área de Recursos Humanos e Formación de data 19/02/2019.

- Citación do presunto inculpado para toma de declaración o día 08 de marzo de 2019 (intentos de notificación da citación sen que puidera practicarse e publicación anuncio no BOE 05/03/2019).
- Acta de incomparecencia ó acto de toma de declaración do presunto inculpado de 08/03/2019.
- Informe do adxunto á xefatura do Servizo de Deportes – Director Técnico de data 08/03/2019.

4.- O instrutor do procedemento formulou prego de cargos contra o presunto inculpado en data 21/03/2019.

5.- Intentada a notificación ó presunto inculpado do prego de cargos e de posta de manifesto do expediente sen que puidera practicarse, procedeuse á publicar anuncio no BOE de 28/03/2019 para a súa notificación por comparecencia, tendo rematado o prazo para comparecer o 11/04/2019 e o prazo para propoñer proba, formular alegación o día 30/04/2019. Durante o prazo outorgado ó presunto inculpado non presentou ningunha alegación ó prego de cargos.

6.- A Xunta de Goberno Local en data do 4 de abril de 2019, aprobou a adopción da medida provisional de suspensión de emprego e soldo do empregado público municipal con número de persoal 61308.

7.- Intentada a notificación ó presunto inculpado do acordo da Xunta de Goberno Local de medida provisional de suspensión de emprego e soldo, sen que puidera practicarse, procedeuse á publicar anuncio no BOE de 15/04/2019 para a súa notificación por comparecencia, tendo rematado o prazo para comparecer o 2/05/2019, sen que presunto inculpado comparecese.

8.- O instrutor do procedemento disciplinario en data 2/05/2019, formulou proposta de resolución con imposición de sanción disciplinaria de despido e outras medidas.

9.- A dita proposta de resolución foi notificada ó Comité de Empresa en data do 03/05/2019 e ó inculpado mediante anuncio publicado no BOE de 07/05/2019 para a súa notificación por comparecencia, tendo rematado o prazo para comparecer o 22/05/2019 sen que este o fixese, e rematado o prazo de trámite de audiencia ó día seguinte.

10. - Non consta presentación de alegacións nin polo inculpado nin polo Comité de Empresa.



## Concello de Vigo

### II.- NORMATIVA APLICABLE

- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.
- Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Demais normativa de concordante aplicación.

### III.- FEITOS PROBADOS

**PRIMEIRO.-** Queda acreditado segundo os informes do adxunto á xefatura do Servizo de Deportes-Director Técnico, de datas 5/10/2018 e 8/03/2019, que o empregado público municipal, D. , DNI \*\*\*\*0193W e N.P. 61308, non asistiu ao seu posto de traballo dende o día 3/07/2018 ata a actualidade. Tampouco consta comunicación ningunha sobre a súa non asistencia ao posto de traballo.

**SEGUNDO.-** Queda acreditado segundo o informe da Área de Recursos Humanos e Formación de data 19/02/2019, que D. DNI \*\*\*\*0193W e N.P. 61308 é empregado municipal en réxime laboral indefinido -que non fixo- en execución de sentenza, prestando servizos no Servizo Municipal de Deportes coa categoría de axudante de mantemento.

Tamén, queda acreditado que tanto na dita Área como na consulta efectuada no Sistema RED de Seguridade Social figura que o presunto inculpado estivo en situación de incapacidade temporal no período do 17/05/2018 a 02/07/2018 pola continxencia de accidente non laboral.

Por último, informa a citada Área de Recursos Humanos e Formación que o Sr. (DNI \*\*\*\*0193W e N.P. 61308) non se incorporou ao seu posto de traballo unha vez finalizada a situación mencionada, feito que debería terse producido o 03/07/2018.

**TERCEIRO.-** Consta no expediente informe da Policía Local sobre intentos de notificación de citación para toma de declaración ó Sr. (DNI \*\*\*\*0193W e N.P. 61308), os cales resultaron infrutuosos os días 26 e 27 de febreiro de 2019, no último domicilio coñecido pola Administración municipal.

En consecuencia, publicouse a notificación da citación acordada polo instrutor no BOE, Suplemento de Notificacións, do día 05/03/2019, onde se lle citaba para que comparecese o día 8 de marzo de 2019, ás 09:30 horas, na casa do Concello de Vigo, sita en praza de O Rei, 1, Vigo, CP 36202, segundo andar, oficina P-60, para a toma de declaración como presunto inculpado, respecto do dito procedemento disciplinario.

O Sr. (DNI \*\*\*\*0193W e N.P. 61308) non compareceu ó citado acto de toma de declaración do día 8 de marzo de 2019, téndose levantado acta de incomparecencia polo instrutor e o secretario do procedemento disciplinario.

Constan, tamén, no expediente informes da Policía Local sobre intentos de notificación do prego de cargos ó presunto inculpado para, no seu caso, propoñer proba, formular alegacións, no último domicilio coñecido pola Administración municipal manifestando os seus familiares que *“non reside nese domicilio desde fai seis meses e que non saben cal é domicilio actual”*.

En consecuencia, publicouse anuncio para notificación por comparecencia do prego de cargos no BOE, Suplemento de Notificacións, do día 28/03/2019, tendo rematado o prazo para comparecer o 11/04/2019 e o prazo para propoñer proba, formular alegacións, o día 30/04/2019, sen que tivese comparecido nin formulado ningún tipo de alegación.

Por tanto, o presunto inculpado non só non asiste o seu posto de traballo de forma continuada, senón que tampouco comunicou ó empregador -Concello de Vigo: Rexistro de Persoal- ningún cambio de domicilio nin sequera a efectos de notificación. Tampouco compareceu no procedemento disciplinario a pesar dos anuncios publicados no BOE para comparecer.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### 1.- Sobre a valoración dos feitos

Os feitos acreditados permiten apreciar, por tanto, que o empregado público municipal D. ,DNI \*\*\*\*0193W e N.P. 61308, abandonou o servizo, non asistindo ó seu posto de traballo de forma continuada dende o día 3/07/2018 ata a actualidade, de axudante de mantemento no servizo Municipal de Deportes o cal viña prestando en réxime laboral indefinido -que non fixo- en execución de sentenza. Tampouco efectuou ningún tipo de comunicación, nin no Servizo de Deportes nin na Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo que puidera xustificar a súa ausencia ó posto de traballo de forma continuada. Asemade, tampouco na Seguridade Social consta ningunha situación de incapacidade que lle impida asistir ó seu posto de traballo dende aquela data, 03/07/2018. É, máis, nin sequera resulta posible practicar as notificacións deste procedemento no último domicilio coñecido polo empregador ó non residir neste segundo informes da Policía local e non ter comunicado ningún outro enderezo aos efectos de notificación.



## Concello de Vigo

Por tanto, a actuación do presunto inculpado é de absoluto abandono do seu posto traballo con total desprezo das obrigas laborais con esta Administración municipal.

### 2.- Tipificación da infracción

Os feitos probados “abandono do servizo” son constitutivos dunha falta disciplinaria de carácter moi grave, tipificada no artigo 95.2.c.) do Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. Tamén, o artigo 185.1.c) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia tipifica os referidos feitos de “abandono do servizo” como falta disciplinaria moi grave.

As referidas normas son directamente aplicables ó caso que nos ocupa, por indicalo así expresamente estas (artigo 93, apartados 1 e 4 do Rdl 5/2015, de 30 de outubro; artigo 183, apartados 1 e 4 da citada Lei 2/2015, de 29 de abril) e, tamén, por xerarquía normativa. Asemade, o vixente Convenio Colectivo para o Concello de Vigo, Persoal Laboral, publicado no BOPPO do 11 de marzo de 1999, tipifica no artigo 26.3. como falta moi grave “o abandono do Servizo”.

Ao abeiro do establecido no artigo 188 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia en relación co 96.1 da do Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, dita falta coa consideración de moi grave da lugar á imposición dalgunha das seguintes sancións ó persoal laboral:

“Pola comisión de faltas moi graves pode impoñerse algunha das seguintes sancións:

(...)

*b) Despedimento disciplinario do persoal laboral ou do persoal directivo con contrato de alta dirección, que comporta a inhabilitación para ser titular dun novo contrato de traballo nos termos recollidos na letra c) da alínea primeira do artigo 50) da lei 2/2015,*

*No suposto do persoal laboral temporal, o despedimento disciplinario implica tamén a exclusión definitiva da totalidade das listas de espera ou bolsas de emprego.*

*Procederá a readmisión do persoal laboral fixo cando sexa declarado improcedente o despedimento acordado como consecuencia da incoación dun expediente disciplinario.*

*c) Suspensión firme de funcións, ou de emprego e soldo no caso do persoal laboral, por un período de entre tres anos e un día e seis anos.*

*No suposto do persoal funcionario interino e do persoal laboral temporal, a suspensión de funcións ou de emprego e soldo implica tamén a exclusión da totalidade das listas de espera ou bolsas de emprego que se encontren vixentes no momento de impoñerse a sanción polo mesmo período de duración desta.*

*d) Traslado forzoso con cambio de localidade por un período de entre un ano e un día e tres anos, que impedirá obter destino, por ningún procedemento, na localidade desde a cal se produciu o traslado.*

e) *Demérito, que pode consistir nalgunha das seguintes medidas:*

- Perda de dous graos no sistema de carreira horizontal e privación do dereito a ser avaliado para o ascenso de grao por un período de entre dous anos e un día e catro anos.*
- Imposibilidade de participar en procedementos de provisión de postos ou de promoción interna por un período de entre dous anos e un día e catro anos.*
- Prohibición de ocupar os postos que regulamentariamente se determinen por un período de entre dous anos e un día e catro anos.”*

Tamén, o vixente Convenio Colectivo para o Concello de Vigo, Persoal Laboral, publicado no BOPPO do 11 de marzo de 1999, sanciona no artigo 27.3., as faltas moi graves con “*suspensión de emprego e soldo por un período non inferior a 3 anos nin superior a 6 ou despido disciplinario*”.

### 3.- Sanción

O artigo 96.3. da Rdl 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que “*o alcance de cada sanción establecerase tendo en conta o grao de intencionalidade, descoído ou negligencia que se revele na conduta, o dano ó interese público, a reiteración ou reincidencia, así como o grao de participación*”.

O artigo 191, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

*“2.- A determinación do alcance de cada sanción, dentro da graduación establecida neste capítulo, efectuarase tomando en consideración as seguintes circunstancias:*

- a) O grao de intencionalidade, descoído ou negligencia que se revele na conduta.*
- b) O dano producido ós intereses públicos ou de particulares.*
- c) A reiteración, por comisión no termo dun ano doutra infracción de distinta natureza, ou a reincidencia, por comisión no termo dun ano de mais dunha infracción da mesma natureza, en ambos casos cando así se declarara por resolución firme en vía administrativa. A estos efectos, non se computarán as sancións canceladas.*
- d) O grao de participación.”*

No caso que nos ocupa, existe unha moi grave negligencia do inculpado ó abandonar o servizo, non asistir ó posto de traballo de forma continuada, sen ningún tipo de comunicación a Administración municipal que puidera xustificar legalmente a súa actuación desde que rematou a situación de incapacidade temporal o 02/07/2018 e a pesar do tempo transcorrido. Esta actuación ocasionou prexuízos económicos a Administración municipal contrarios ó interese público ó percibir retribucións salariais por uns traballos que non



## Concello de Vigo

desenvolveu e, tamén, perxuízos que afectan ó normal funcionamento do servizo municipal de Deportes xa que ó abandonar o seu posto de traballo, outros traballadores tiveren que asumir as tarefas que tiña encomendadas.

Polo exposto, considerase axeitada a imposición da seguinte sanción:

Pola comisión dunha falta disciplinaria de carácter moi grave de *“abandono do servizo”* tipificada no artigo 95.2.c.) do Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, no artigo 185.1.c) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e no artigo 26.3 do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOPPO do 11 de marzo de 1999, a sanción de *“despedimento disciplinario que comporta a inhabilitación para ser titular de novo contrato de traballo nos termos recollidos na letra c) do apartado primeiro do artigo 50 da citada lei 2/2015”*, ó abeiro do artigo 188 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia en relación co 96.1 da do Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e co artigo 27.3. do referido Convenio Colectivo.

#### 4.- Outras medidas.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 4 de abril de 2019, aprobou a adopción da medida provisional de suspensión de emprego e soldo do empregado público inculpado con número de persoal 61308, DNI \*\*\*\*0193 W, sendo executiva dende o día 3 de maio de 2019, de conformidade co anuncio publicado no BOE do 15 de abril de 2019.

Por analogía co previsto no artigo 195 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, durante o período de suspensión de emprego e soldo o traballador ten dereito ás retribución básicas e, no seu caso, ás prestacións familiares por fillo a cargo. Tamén, cando a suspensión provisional se eleve a definitiva, a persoa afectada deberá devolver o percibido durante o tempo de duración daquela.

O artigo 196, apartados 3 e 4, da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que a resolución será executiva cando fora firme en vía administrativa e nesta poderán adoptarse, no seu caso, as disposicións cautelares precisas para garantir a súa eficacia en tanto non sexa executiva ou non se produza a súa completa execución da sanción imposta, polo que se considera preciso manter a medida provisional de suspensión de emprego e soldo en tanto en canto non sexa executiva a resolución definitiva do procedemento

Asimismo, a sanción disciplinaria de despido ven motivada polo abandono do posto de traballo dende o 03 de xullo de 2018, incumprindo as obrigas derivadas da súa relación laboral desde aquela, polo tanto, non tiña dereito a percibir as retribucións salariais dende a referida data do 03 de xullo de 2018, polo que a sanción disciplinaria de despido debe conlevar a obriga de reintegrar estes salarios indebidamente percibidos.

O artigo 196.5. da citada Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia sinala que a resolución sancionadora anotarase no correspondente rexistro de persoal indicando as faltas que a motivaron.

#### 5.- Procedemento

O procedemento disciplinario seguido resulta do establecido no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### 6.- Competencia

É órgano competente para resolución do procedemento disciplinario a Xunta de Goberno Local ó abeiro do artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a proposta do concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica en virtude da delegación de competencias efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015,

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Impoñer ó empregado público municipal D. , con número de DNI \*\*\*\*0193W e número de persoal 61308, pola comisión dunha falta disciplinaria de carácter moi grave de “*abandono do servizo*” tipificada no artigo 95.2.c.) do Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, no artigo 185.1.c) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e no artigo 26.3 do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOPPO do 11 de marzo de 1999, a sanción de “*despido disciplinario que comporta a inhabilitación para ser titular de novo contrato de traballo nos termos recollidos na letra c) do apartado primeiro do artigo 50 da citada lei 2/2015*”, ó abeiro do artigo 188 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia en relación co 96.1 da do Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e no artigo 27.3. do referido Convenio Colectivo e que, tamén, conleva a obriga de reintegrar os salarios indebidamente percibidos dende a data de abandono do servizo que se produciu o 3 de xullo de 2018 ata o día que sexa executiva a resolución deste procedemento disciplinario.

**SEGUNDO.-** Manter a medida provisional de suspensión de emprego e soldo do empregado público municipal D. , con número de DNI \*\*\*\*0193W e número de persoal 61308, que acordou





## Concello de Vigo

a Xunta de Goberno Local en sesión do 4 de abril de 2019, ata tanto non sexa executiva a resolución definitiva deste procedemento disciplinario.

**TERCEIRO:** Ordenar ó empregado público municipal D. , con número de DNI \*\*\*\*0193W e número de persoal 61308, o reintegro dos salarios indebidamente percibidos dende o abandono do posto de traballo (03/07/2018) ata o día que sexa executiva a resolución deste procedemento disciplinario.

**CUARTO.-** Facultar ó Concelleiro da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica para ditar as resolucións que procedan para a execución deste acordo, en especial, no que atinxe á determinación dos importes de cantidades salariais indebidamente percibidos, prazo para o seu reintegro, conforme ó procedemento legalmente previsto en aplicación do indicado no apartado terceiro da parte dispositiva deste acordo.

**QUINTO.-** Anotar no rexistro de persoal do Concello de Vigo o presente acordo de sanción indicando as faltas que a motivaron.

**SEXTO.-** Informar ó interesado que conforme ó previsto nos artigos 2, 6, 10.4., 69, 114.1 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa (agota a vía administrativa), poderá interpoñer demanda no prazo de vinte días hábiles posteriores á notificación deste acordo, ante o Xulgado do Social de Vigo, ou, a súa elección, o que resultara competente por razón do seu domicilio, si este radica en Galicia.

Tamén, informar o interesado que ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique o presente acordo, no ben entendido que a interposición do recurso postestativo de reposición non suspende o prazo para a interposición da demanda ante o Xulgado do Social de Vigo.

Isto, sen prexuízo de exercitar calquera outra acción que estime procedente.

Asimesmo, informar ó interesado que ó abeiro do artigo 98.1.b) da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o presente acordo será executivo cando sexa firme en vía administrativa.

**SÉPTIMO.-** Informar, tamén, do presente acordo ó Comité de Empresa do Concello de Vigo en virtude do disposto no artigo 25 do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(475).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL NO MES DE MARZO DE 2019. EXPTE. 16495/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 23/05/19, asinado pola xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (acordo XGL 3/05/19), e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos **expedientes de contrato menor** tramitados por este servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no mes de marzo de 2019:

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
16368/77	CMSER	OBRADOIROS FORMATIVOS A IMPARTIR VIGO INTEGRA VI	ARA NEGOCIOS, S.L.	3.565,00 €

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**9(476).- CRITERIOS PARA O ABOAMENTO DA PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO IMD ANO 2018. EXPTE. 33862/220.**

Visto o informe de fiscalización do 22/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 07/05/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

En data 21/11/2018 recíbese nesta Área Exp. 17999/333 no que se solicita o aboamento dun complemento de produtividade para distinto persoal do servizo de Deportes polo periodo decembro de 2017 - xaneiro a novembro de 2018 .

Solicítase complemento de produtividade para o seguinte persoal:

- a) Produtividade en relación o posto vacante de Xefe unidade mantemento e taller no servizo de deportes, para un oficial de mantemento.
- b) Produtividade a traballadores e traballadoras da categoría de axudante de mantemento.
- c) Produtividade para un posto de auxiliar administrativa do servizo de Deportes.



## Concello de Vigo

- d) Produtividade en relación as actuación de traballos excepcionais coa condición da singularidade do mesmo, en relación as actuacións na conserxaría do complexo deportivo das travesas.
- e) Produtividade para dous administrativos do servizo de Deportes.
- f) Produtividade para un técnico de deportes en relación a execución de tarefas de posto de Coordinador Deportivo.

### **1.- Produtividade polo desempeño de funcións de superior categoría ao empregado municipal NP 76467, oficial de mantemento IMD.**

No ano 2015, e polas necesidades existentes no IMD, por resolución do Presidente do Organismo Autónomo IMD de data 12/01/2015, encomendase provisionalmente ao empregado municipal NP 76467 as funcións do posto vacante de “Xefe unidade mantemento e taller” .

Dende a extinción do Organismo Autónomo IMD en data 31 de decembro de 2015 por acordo plenario do Concello de Vigo de 26 de outubro de 2015, e a súa integración no Concello de Vigo , por resolucións de data 11/03/2016 e 02/03/2017, o empregado citado seguiu a desenvolver as funcións do posto vacante Cog 616, sendo retribuído, ao abeiro do regulado no apartado b) da cláusula terceira das instrucións sobre a plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Concello de Vigo e seus organismos autónomos. Aínda que no ano 2018 non se dictou Resolución sobre a encomenda, o empregado continuou realizando as funcións do posto de “Xefe/a unidade manetmento e taller do IMD, ante as necesidades urxentes do servizo.

Indicase no informe do servizo que dito traballador estivo a desenvolver dende decembro 2017 as tarefas vinculadas a encomenda de adscrición provisional realizada en data 02/03/2017, continuando a súa realización no ano 2018.

Entre as tarefas realizadas, segundo o devandito escrito, atópanse:

- a) Dirixir, coordinar e supervisar o persoal adscrito a unidade de taller.
- b) Dirixir, coordinar e supervisar os traballos de mantemento nas instalacións deportivas.
- c) Atender urxencias de avarías en xornadas de tarde e fins de semana.
- d) Relación coas empresas externas que executan traballos de servizos e mantemento das instalacións.
- e) Control e seguimento do uso dos vehículos en coordinación co parque móbil.

Desenvolvido o procedemento de selección de persoal “OEP 2014-2015-2016” , o empregado municipal superou o proceso selectivo de promoción interna da Praza de

Capataz, posto Xefe da Unidade de Mantemento, sendo nomeado e adscrito ao posto Codg 606 en data 01/01/2019.

Asi, tendo en conta as vixentes instruccións sobre plantilla no respecto ao desempeño de funcións de posto de nivel superior e as diferencias retributivas entre os postos 616 Oficial Mantemento IMD e 606 Xefe Unidade Mantemento e Taller, no periodo 01/12/2017-31/12/2018, excluindos os periodos de vacacións, asuntos propios (6) e baixas por IT, corresponderalle a cantidade de 4558,79€

## **2.- Produtividade empregados municipais con posto axudante de mantemento:**

Dadas as necesidades de apertura das numerosas instalacións deportivas dependentes do servizo de Deportes ao obxecto de poder atender a diversidade da demanda deportiva e o limitado número de oficiais de mantemento e/ou conserxes responsables de instalacións, segundo informe do servizo, aínda que se optimizou o calendario laboral do persoal do servizo, foi necesario que persoal con categoría de axudante de oficios, coñecedor das instalacións deportivas e das funcións que se deben desempeñar para garantir o correcto servizo sobre todo en instalacións claves realízaen as tarefas de apertura e peche das numerosas instalacións así como as demías correspondentes aos postos de oficiais de instalacións

Atendendo os cuadrantes laborais anuais e mensuais do servizo de deportes no ano 2018, foron necesarios para a apertura, atención aos usuarios e peche das instalacións deportivas o seguinte persoal:

• Conserxería Complexo das Travesas	3 postos
• Conserxería do Pavillón polideportivo de Coia	3 postos
• Conserxería do Pavillón polideportivo de Teis	3 postos
• Conserxería do Pavillón polideportivo e Ximnasio do Berbes	3 postos
• Conserxería do Complexo deportivo de Samil.	3 postos
• Conserxería do Ximnasio do Carmen	2 postos
• Conserxería do Complexo deportivo de Navia	1 postos
• Conserxería do Complexo deportivo de Balaidos	1 postos
• Conserxería do Pavillón do Calvario	1 postos
• Conserxería do Pavillón de Castrelos	3 postos
• Conserxería do Pavillón de Bembrive	
• Conserxería do Pavillón polideportivo de Bouzas	3 postos
• Conserxería do Pavillón de Coruxo	
• Conserxería do Pavillón da ETEA.	3 postos



## Concello de Vigo

• Conserxería do Pavillón de Candean.	
• Conserxería do Pavillón de Sárdoma.	1 posto
• Conserxería do Estadio de Atletismo.	1 posto
• Conserxería do C.F. de Carballal	1 posto

Segun se indica no informa, **“a apertura das instalacións demanda un total de 32 postos de traballo destinados directamente a apertura das instalacións.** Si temos en conta que actualmente o servizo conta con **12 postos de traballo de Oficial de Instalacións cubertos, 11 por persoal fixo, 1 posto de oficial esta es segunda actividade por problemas médicos e 1 posto cuberto de forma interina,** despréndese a necesidade de destinar na programación mensual a un mínimo de 21 axudantes de mantemento, cuestión materialmente imposible de cubrir ao ter so dispoñibles 18 para desempeñar funcións de atención nas conserxarías, o cal, temos que sumar os apoios realizados dende o Pavillón Central das travesas para cubrir as necesidades dos fins de semana. Esta situación ten unha incidencia directa nun número amplo de axudantes, xa que para cubrir ditos postos e necesario cubrir as xornadas de descansos”.

Deste xeito a vista das necesidades derivadas da apertura e peche de instalacións, xa dende o ano 2015 e aprobado por resolución do Presidente do extinto IMD, se ven realizando a distribución dos recursos actuais do servizo de deportes, en relación os traballadores da categoría de axudantes de mantemento, que de acordo con cada cuadrante laboral mensual, son destinados as diversas instalacións deportivas que deben ser atendidas para a súa apertura o público, e sempre baixo as seguintes pautas:

- Sempre se corresponden a necesidades obrigatorias para a prestación adecuada dos servizos programados polo servizo.
- Correspondese coa aceptación para efectuar ditos traballos de categoría superior por parte dos axudantes de mantemento.

Amais relacionanse no escrito distintas sentenzas estimatorias do Xulgado do Social de Vigo ante as reclamacións preentadas polo persoal co categoría de axudante, sendo condenado o extinto IMD (organismo dependente da Concellería de Deportes do Concello de Vigo), ó abono das cantidades reclamadas

- ✓ Expediente 3640/11.- Sentenza 258/2015, de 4 de maio de 2015, do Xulgado do Social núm. 5 de Vigo, en relación o procedemento ordinario 1189/2014, o importe de “catrocentos vinte un euros con oitenta e cinco céntimos” (421,85 €) como resultado de minorar os 1.041,85 € -cantidade definida na sentenza 258/2015- o importe de 620,00 € correspondentes a parte da produtividade do período coincidente coa sentenza, de acordo co expediente de produtividade aprobado pola Xunta Reitora do IMD para o citado traballador e aboado na nómina do mes de maio de 2015.

- ✓ Expediente 3847/11.- Sentenza núm. 190/2015, do 24 de xuño de 2015, do Xulgado do Social núm. 2 de Vigo, así como o Auto de Aclaración do mesmo Xulgado de data 17/07/2015, importe de “cincocentos oitenta e cinco euros con cincuenta céntimos” (585,50 €).
- ✓ Expediente 3848/11.- Sentenza núm. 415/2015, do 22 de xuño de 2015, do Xulgado do Social núm. 2 de Vigo, así como o Auto de Aclaración do mesmo Xulgado de data 3/07/2015, importe de “seiscentos coarenta euros con un céntimo” (640,01 €).
- ✓ Expediente 4065/11.- Sentenza núm. 540/2015, do 21 de setembro de 2015, do Xulgado do Social núm. 2 de Vigo, sobre o procedemento ordinario 1186/2014, o importe de “trescentos cincuenta e un euros con sesenta céntimos” (351,60 €).
- ✓ Expediente 4067/11.- Sentenza núm. 542/2015, do 21 de setembro de 2015, do Xulgado do Social núm. 2 de Vigo, sobre o procedemento ordinario 1184/2014, o importe de “cento setenta e nove euros con coarenta céntimos” (179,40 €).
- ✓ Expediente 4066/11.- Sentenza núm. 563/2015, do 30 de setembro de 2015, do Xulgado do Social núm. 2 de Vigo, sobre o procedemento ordinario 1254/2014, o importe de “novecentos trinta e seis euros con sesenta e nove céntimos” (936,69 €).
- ✓ Expediente 4068/11.- Sentenza núm. 520/2015, do 18 de setembro de 2015, do Xulgado do Social núm. 4 de Vigo, sobre o procedemento ordinario 1194/2014, o importe de “douscentos dezaioito euros con coarenta céntimos” (218,40 €).

Polo que en base as mesmas, e a xuízo do técnico asinante do informe , “considera oportuno atender as necesidades descritas anteriormente, xa que corresponde coa realidade das actuacións cualificadas, para a tramitación do correspondente expediente de produtividade, en execucion de tarefas de especial rendemento entre empregados con categoría de axudante de mantemento, toda vez que se esta a producir un aumento do traballo en relación as tarefas asignadas o seu posto de traballo ocasionado de maneira excepcional por las razóns conxunturais xustificadas anteriormente. Esta situación provoca nestes postos de traballo unha actuación no ámbito do rendemento destes postos, catalogados como superiores o desempeño das actividades e cometidos directamente vinculados ao seu posto de traballo, co obxectivo de poder atender a demanda fundamental da apertura das instalacións deportivas xestionadas polo servizo de deportes”

Según calculos efectuados polo servizo , dacordo aos calendarios de traballo do periodo novembro 2017-novembro 2018 en relacion co nº de horas desempeñado funcións de superior categoría e a diferenza retributiva diaria entre os postos de Oficial de Mantemento e Axudante de mantemento, de xeito de adecuar as actuacións dos axudantes de mantemento a realización de cometidos e responsabilidades correspondentes as



## Concello de Vigo

necesidades derivadas da apertura e atención das instalacións deportiva, as cantidades propostas serían as seguintes:

ID	CATEGORÍA	IMPORTE
60509	AXUDANTE MANTEMENTO	342,90 €
60504	AXUDANTE MANTEMENTO	685,80 €
61307	AXUDANTE MANTEMENTO	457,20 €
61306	AXUDANTE MANTEMENTO	342,90 €
60511	AXUDANTE MANTEMENTO	1.257,30 €
60278	AXUDANTE MANTEMENTO	1.257,30 €
60505	AXUDANTE MANTEMENTO	1.143,00 €
61303	AXUDANTE MANTEMENTO	1.257,30 €
61309	AXUDANTE MANTEMENTO	457,20 €
61308	AXUDANTE MANTEMENTO	457,20 €
61310	AXUDANTE MANTEMENTO	457,20 €
60054	AXUDANTE MANTEMENTO	114,30 €
60907	AXUDANTE MANTEMENTO	800,10 €
61301	AXUDANTE MANTEMENTO	342,90 €
60502	AXUDANTE MANTEMENTO	571,50 €
60510	AXUDANTE MANTEMENTO	1.371,60 €
61305	AXUDANTE MANTEMENTO	114,30 €
61109	AXUDANTE MANTEMENTO	228,60 €
60702	AXUDANTE MANTEMENTO	1.143,00 €
<b>TOTAL.....</b>		<b>12.801,60 €</b>

### **3.- Produtividade a auxiiar N.P 69948 :**

Refírese no informe que “Durante o período xaneiro a novembro 2018 a traballadora con N.P 69948, coa categoría de “auxiliar administrativa”, ven desenvolvendo con carácter extraordinario tarefas de organización administrativa na Concellería de Deportes e de xestión da axenda do Concelleiro de Deportes. Dentro da execución destas funcións a traballadora desenvolve entre outros asuntos, expedientes de contratación vinculados coa área de xestión orzamentaria , realizando todo o proceso da tramitación administrativa do mesmo (artigo “22” do orzamento do programa 3410 e do programa 3420) da Concellería de Deportes, así mesmo realiza os traballos de seguimento das facturas relacionadas cos expedientes de contratación, tarefas que en ningún caso poden ser exercidas por outro persoal da concellería de deportes, así como o seguimento e coordinación dos actos da

concellería de deportes en coa area de Alcaldía. Débese indicar que o traballo realízase con eficiencia e dilixencia garantindo o funcionamento do servizo.”

Proponse a asignación dun complemento de produtividade por importe de 1800,00€, correspondente ao período decembro 2017 novembro 2018, cálculo realizado de acordo as diferenzas retributivas entre os postos de auxiliar administrativo e administrativo así como rendemento a eficiencia desempeñadas pola empregada municipal, propondo un importe por día de 5,71 euros e un importe por hora de traballo de 0,76 euros.

Amais en informe complementario de data 17/04/2019 indicase que :

“No informe do 21 de novembro de 2018 informase que a traballadora n.º 69948 “desenvolve entre outros asuntos, expedientes de contratación vinculados coa area de xestión orzamentaria , realizando todo o proceso da tramitación administrativa do mesmo (artigo “22” do orzamento do programa 3410 e do programa 3420) da Concellería de Deportes, así mesmo realiza os traballos de seguimento das facturas relacionadas cos expedientes de contratación, tarefas que en ningún caso poden ser exercidas por outro persoal da concellería de deportes”...

Co fin de aclarar dita carga de traballo relacionanse o número de expedientes e facturas tramitadas durante o período para o que se solicita a valoración do rendemento do posto de traballo en concepto de produtividade. En total tramitaronse 66 expedientes de contratación e 289 facturas.

Os expedientes de contratación aínda sendo contrato menores abranguen todas as partidas de gasto do programa orzamentario 3410.2 “Promoción e fomento do deporte”, polo que é preciso coñecer e dominar o contido conceptual dos diferentes expedientes e non so a parte procedimental dos mesmos.

Con respecto a facturación non so ter que realizar o parte procedimental senon a de seguimento do gasto para a tramitación da mesma.

Deste xeito proponse como criterio para o cálculo obxectivo a seguinte fórmula:

Diferencia entre as retribucións complementarias dos postos Codg 138 e 105 \* ((nº exptes tramitados\* factor correc 0,15) /2) + (n fras tramitadas \* factor correccion 0,1) /2)

Coa aplicación da fórmula anterior (79,29 \* (66\*0,15/2+289\*0,1/2), o importe proposto para o seu aboamento sería de 1537,83€





## Concello de Vigo

### **4- Produtividade aos administrativos N.P 23627 e N.P 60512 .**

Dende o mes de Xullo de 2017 o empregado municipal con N.P 23627, coa categoría de “Administrativo”, ven desenvolvendo con carácter extraordinario tarefas de Xefe de Negociado na Concellería de Deportes, por necesidades de organización e funcionamento do servizo. As funcións atribuídas a dito posto son as seguintes:

- a) Aportar o nivel profesional axeitado de coñecementos, experiencia e de comportamento para a efectiva realización , no ámbito do seu Negociado/oficina administrativa:
- b) Daquelas actividades para as que lle capacita especialmente a súa cualificación profesional.
- c) Da dirección, execución, instrución e coordinación dos diferentes traballos da súa unidade.
- d) Cooperar coa xefatura inmediata no desenvolvemento da función directiva.
- e) Dirixir, coordinar supervisar e fiscaliza-lo cumprimento do traballo encomendado ó negociado/oficina administrativa e velar polo correcto uso de materiais e equipos.
- f) Vixiar polo cumprimento dos prazos legais aplicables a cada un dos procedementos administrativos dos expedientes que se tramiten no seu negociado/oficina administrativa
- g) Responsabilizarse e autorizar coa súa sinatura ou visado os informes, actos de xestión, oficios, requirimentos, comunicacións e emprazamentos que se orixinen no negociado/oficina administrativa
- h) Dirixir, instruír, coordinar e supervisar a actuación do grupo de traballo e dos seus compoñentes, adoptando as medidas necesarias para garantir a súa produtividade.
- i) Realizar informes e propostas de resolución de expedientes administrativos cando pola súa natureza non estean atribuídos a un técnico
- j) Resolve-los pequenos problemas operativos e/ou continxencias de persoal que se poidan presentar, e de materiais no seu caso.
- k) Velar pola correcta clasificación e custodia dos expedientes e documentos da unidade.
- l) Responsabilizarse e efectua-la tramitación administrativa dos expedientes, solicitudes, reclamacións, ordenanzas, liquidacións e recursos relativos ó negociado/oficina administrativa, ben directamente ou a través do persoal ó seu cargo.
- m) Formular propostas de gastos para a adxudicación de materiais, equipo ou servizos que se necesiten no negociado/oficina administrativa, conformando a recepción dos mesmos, de selo caso.
- n) Tramitar os expedientes de Gasto e Ingreso da Unidade, de conformidade coas instrucións e procedementos legalmente establecidos e acordos que poda adoptar a Corporación Municipal.

- o) Preparar os xustificantes e as peticións de fondos que afecten a programas da Unidade, financiados con aportacións ou axudas de outras Institucións.
- p) Exercer o control e seguimento dos expedientes que afecten aos Recursos Municipais xerados na súa Unidade.
- q) Tramita-los expedientes relativos a imposición e modificación das ordenanzas fiscais relacionados co negociado/oficina administrativa, así como colaborar cos técnicos na elaboración e modificacións das mesmas.
- r) Efectuar liquidacións tributarias e notificalas.
- s) Manter informado ao Xefe inmediato respecto a problemática, funcionamento e rendementos do negociado/oficina administrativa, así como dos obxectivos conseguidos, cursando periodicamente os partes, informacións, etc. que se establezan.
- t) Mante-lo reciclaxe continuo nos coñecementos e procedementos necesarios para realiza-las funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña e impulsará a formación teórico-práctica do persoal ó seu cargo.
- u) Atención e información pública nas materias do seu servizo, sempre que pola súa natureza non correspondan a un técnico ou non podan ser dadas polo persoal ó seu cargo.
- v) Utilización das aplicacións informáticas correspondentes ó seu servizo.
- w) Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.
- x) En xeral, calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico, en relación co servizo e coa súa categoría.

Tendo en conta as diferencias retributivas entre o posto de xefe de negociado e o de administrativo no período correspondente ao ano 2018, e polo desempeño das tarefas de organización e supervisión xeral de procesos administrativos da Concellería de deportes e o control orzamentario do art. 21, e a coordinación xeral do artigo 22. , descontados os períodos de ausencia por vacacións e permisos, correspondería, no caso de así considerarse, o aboamento da cantidade de 2396,84€

En relación co complemento de produtividade proposto para a empregada municipal con NP 60512 , baseada no incremento no volume de Tarefas e traballos realizados , derivado das carencias na estrutura administrativa de RRHH no servizo de deportes unidas ás dificultades xeradas pola entrada en vigor da obriga de comunicación vía electrónica das entidades coa administración, cuestións que obrigaron a empregada NP 60512 a ter que asumir un gran volume de traballo e responsabilidade, e que permitiu a tramitación dun elevado número de expedientes administrativos, que en condicións normais necesitarían a colaboración de máis persoal administrativo, cuestión que non é posible, ao non contar con máis medios.

Segundo informe do servizo, "dito incremento do volume ven motivado por :



## Concello de Vigo

- Eventos deportivos: Incremento moi significativo do volume de tramitación en relación á coordinación das autorizacións para a celebración de eventos deportivos, atendendo á revisión e reclamación da documentación necesaria ás organizadoras, coordinando os diferentes informes das comunidades implicadas, coordinando e atendendo aos diferentes cambios de datas de celebración de eventos deportivos, coordinando os servizos municipais necesarios para a celebración dos eventos e ordenando as solicitudes vinculadas ao calendario municipal de deportes.
- Subvencións: Tramitación dos expedientes de subvención vinculados coa Concellería de deportes, sendo a responsable da revisión da documentación remitida polos solicitantes, os requisitos da documentación incompleta, a tramitación administrativa dos expedientes de pagamento dos expedientes, a atención ás entidades solicitantes. “

Establecendo como parametro de valoración as referidas a acumulación de dous postos de traballo, polo tanto o valor do CD mensual do posto acumulado, a cantidade resultante, en función dos días efectivamente traballados sería de 841,58 €

### **5.- Proposta de produtividade en relación as actuacións de traballos excepcionais coa condición da singularidade do mesmo, en relación as actuacións na conserxaría do complexo deportivo das travesas:**

NO informe remitido polo servizo expónse:

“Na conserxaría do Complexo das travesas desempeñan as súas funcións traballadores coa categoría de Conserxe e traballadores coa categoría oficial de instalación. As diferentes retributivas entre ambos postos é de 6,8 euros a favor dos Conserxes responsables de instalación con respecto aos oficiais de instalación.

O grado de responsabilidade dun Conserxe Responsable de instalación (CRI) respecto dun oficial é maior aínda que as funcións básicas sexan as mesmas. O CRI do complexo das travesas é o punto de referencia para todas as instalacións en xornada de tarde e fins de semana, sendo o nexa de comunicación cos seus inmediatos superiores e coa Dirección en caso de incidencias nas instalacións, ademais de ter maior responsabilidade sobre maior número de persoal e de instalacións deportivas.

Os oficiais de instalacións destinados na Conserxaría do Complexo das travesas realizan as mesmas funcións que os conserxes e polo tanto deben ter as mesmas compensacións retributivas. Como queira que o cadro retributivo dos Conserxes e oficiais é practicamente o mesmo e non se diferencia dos oficiais que prestan servizo no resto de instalacións e polo que é necesario valorar o rendemento e a responsabilidade de ditos traballadores a través dunha produtividade. “

Solicítase o aboamento dun complemento de produtividade ao persoal con posto de conserxe responsable de instalacións e oficiais de instalacións que prestan os seus servizos no pavillón central das Travesas, de xeito que os conserxes do pavillón central, realizan de maneira específica tarefas superiores os oficiais de instalación xa que dirixen o persoal o seu cargo en xornadas de tarde ou durante fins de semana, reciben ou dan mensaxes a outras instalacións coordinando os seus funcionamentos; tales como peche dunha

instalación por finalización da actividade e incluso coordinar situacións de emerxencia debido a circunstancias climáticas, en colaboración co responsable de programación, xefe de instalacións e Dirección. Durante o período novembro 2017 e novembro 2018, acumúlanse especificamente, estas responsabilidades polo cal propónse polo servizo a tramitación da proposta de produtividade que se solicita.

Así, realizándose o cálculo, tendo en conta as diferenzas retributivas mensuais entre os postos de Conserxe Responsable de Instalacións e Oficial de Instalacións anteriores a súa modificación segundo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/11/2006, o importe proposto polo servizo de Deportes é de 0,51€ 7horas, polo que se propón as seguintes cantidades para o persoal que presta os seus servizos no Pabellon Central das Travesas:

NP	Posto	Lugar	Importe	Periodo
60083	C. Resp. Instalacións	Travesas – Conserxeria	1.400,00 €	Dec2017-Nov 2018
60904	Oficial Instalación	Travesas - Conserxeria	1.050,00€	Dec 2017-agosto 2018
76464	Oficial de instalación	Travesas - Conserxeria	1.400,00 €	Dec 2017-nov 2018

**6.- Produtividade para o posto de Técnico deportivo desenvolvido polo empregado municipal con N.P 60913 pola realización das tarefas correspondentes a praza de Coordinador deportivo, vacante dende 01/03/2017 co fin de garantir a operatividade do servizo**

En data 01/03/2017 o empregado municipal NP 60601 foi adscrito ao posto Codg 601.- Xefe/a servizo Deportes-Director Deportivo, quedando vacante o posto 602.- Coordinador Deportivo.

En data 26/04/2018 se solicita a adscripción provisional do empregado municipal NP 60913 ao posto vacante Codg 602, dadas as necesidades existentes no servizo

En data 06/05/2018 ordease polo Concelleiro Delegado de Xestión Municipal que se proceda á incoación de expediente para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos dos postos de traballo Codg 602 -"coordinador deportivo", sendo resolto no expte 32300/220 en data 11/10/2018, a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante *código Rtb 602 -"coordinador deportivo", nomemando con cargo ao mesmo ao empregado municipal con NP 60913, en comisión de servizos de carácter temporal, polo prazo de 1 ano prorrogable por outro ano e nos termos do previsto no artigo 64 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba el Regulamento Xeral de Ingreso.*



## Concello de Vigo

No informe do servizo de Deportes, atendendo ao que no periodo 01/03/2017-11/10/2018, motivadas pola vacante do posto Cod 602 as funcións deste foron desenvolvidas polo empregado NP 60913, co fin de garantir a operatividade do servizo, seguindo instrucións do Concelleiro delegado de Deportes.

Tendo en conta a data (26/04/2018) no que o servizo solicitou a a adscripción provisional do empregado municipal NP 60913 ao posto vacante Codg 602, dadas as necesidades existentes no servizo, enténdese que , no caso de así considerarse , deberíase realizar o cálculo como máximo dende a data de solicitude por parte do servizo de deportes.

Dete xeito, dende o 26/04/2018 ata o 18/10/2018, en relación coas diferenzas retributivas de ambos postos, correspondería o aboamento da cantidade de 3611,56, descontado os períodos de vacacións e permisos.

### MOTIVACIÓN

A produtividade a de entenderse como un incentivo ao rendemento, entendendo incentivo de xenerador dun proceso que activa, dirixe e mantén un determinado comportamento , sendo este motivado por factores intrínsecos e/ou extrínsecos , sendo o máis obvio o económico, as retribucións asociados ao rendemento.

O devengo de dito complemento haberá de ser proporcional as funcións desenvolvidas , sendo necesario o efectivo desempeño das actividades e funcións, tendo en conta a calidade do traballo desenvolto, a iniciativa e autonomía con que se desenvolve e a dispoñibilidade e actitude positiva mostrada polo empregado municipal, sendo estes apreciados polo seu superior xerárquico.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Este réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento legislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :

Con cargo ó Complemento de Produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concorran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:



## Concello de Vigo

1. Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo
2. Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.

Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- Aumento de volume de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns conxunturais debidamente xustificadas.
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.
- Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

No presente caso figura no presente expediente informe do servizo de Deportes no que se xustifica o aboamento de complemento de produtividade ao persoal proposto, segundo as especiais circunstancias descritas dos empregados do servizo.

O presente expediente carece de proposta de gasto ao tratarse única e exclusivamente da proposta de parámetros obxectivos para o devengo de complemento de produtividade, polo que será nun expediente administrativo posterior no cal se propoña as cantidades a aboar en concepto de produtividade, segundo a aplicación dos criterios propostos no presente expediente, e que deberá ser fiscalizado pola Intervención Xeral segundo o disposto no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora

das Facendas Locais.

No caso de aprobación dos criterios propostos pola Xunta de Goberno Local, e acordo coas motivacións expostas na documentación obrante no Expte 17999/333, no que se solicita o aboamento dun complemento de produtividade para distinto persoal do servizo de Deportes polo período decembro de 2017 - xaneiro a novembro de 2018, suporía un gasto total de 29 598,20€,

Vistas as circunstancias anteditas, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO: Acordar a aprobación dos seguintes criterios de calculo obxectivo para o outorgamento aos empregados municipais propostos polo servizo de Deportes en expte 17999-333 dun complemento de produtividade polo especial rendemento, a actividade extraordinaria, interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións durante o ano 2018 :

1.- Desempeño de funcións de superior categoría, segundo instruccións de plantilla, no caso do empregado municipal con NP 76467, oficial de mantemento IMD, polo desenvolvemento das funcións e tarefas do posto "Xefe unidade mantemento e taller".

2.- No caso dos axudantes de mantemento que están a realizar funcións de Oficial de mantemento,

criterio de calculo: a diferenza retributiva diaria entre os postos de Oficial de Mantemento e Axudante de mantemento

n horas desempeñando funcións de superior categoría\*diferencia retributiva diaria entre os postos de Oficial de Mantemento e Axudante de mantemento.

3.-Na solicitude de aboamento de complemento de produtividade a auxiliar N.P 69948, propónse o seguinte criterio:

Diferencia entre as retribucións complementarias dos postos Codg 138 e 105 \* ((nº exptes tramitados\* factor correc 0,15) /2) + (n fras tramitadas \* factor correccion 0,1) /2)

4.- No apartado referido ao empregado municipal con N.P 23627, criterio de calculo: desempeño de posto de categoría superior, segundo instruccións de plantilla

5.- En relación coa solicitude de complemento de produtividade a empregada municipal con NP 60512, criterio obxectivo de calculo a diferenza retributiva entre os postos Codg 138 e 105.





## Concello de Vigo

6.- Para o persoal que presta os seus servizos nas conserxerías do Pabellón Central das Travesas, propónse como criterio para o cálculo o proposto polo servizo, consistente nas diferenzas retributivas mensuais entre os postos de Conserxe Responsable de Instalacións e Oficial de Instalacións anteriores a súa modificación segundo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/11/2006, a razón de 0,51€ /hora

7.- Empregado municipal con N.P 60913 pola realización das tarefas correspondentes a praza de Coordinador deportivo, vacante dende 01/03/2017. Criterio de cálculo: o desempeño de posto de superior categoría, segundo instrucións de plantilla, dende a data de solicitude por parte do servizo de cobertura de dito posto

SEGUNDO: Dese traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(477).- PROPOSTA DE CREACIÓN DE LISTAS DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2014-2015-2016 (2ª FASE). EXPTE. 34056/220.**

Visto o informe de fiscalización do 22/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 17/05/19, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 30/12/2014, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2014, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de data 22/12/2015 e no DOG de data 24/12/2015. Así mesmo, en sesión do día 30/12/2015, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2015, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de data 26/01/2016 e no DOG de data 10/02/2016. Por último, en sesión 08/04/2016, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2016, que se

publicou no Boletín Oficial da Provincia de data 27/04/2016 e no DOG de data 06/05/2015, acordo modificado en sesión do día 02/12/2016, e publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 22/12/2016 e no DOG de data 26/12/2016.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 25 de xaneiro de 2018, ordenou o inicio do expediente administrativo para a elaboración das bases xerais e específicas reguladoras das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016.

**II.-** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21/03/2018 aprobou as bases xerais e específicas reguladoras das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016, expte. 31295/220, bases que se publicaron no BOP nº 60 de data 26 de marzo de 2018.

**III.-** Transcorrido o prazo para a presentación de recursos contra as referidas bases reitoras, preséntanse varios recursos potestativos de reposición. Finalizado o trámite de audiencia, propónse á Xunta de goberno local a rectificación de erros detectados, que é aprobado pola mesma na súa sesión extraordinaria de 18 de maio de 2018. O dito acordo é publicado no BOP nº 109 de 7 de xuño de 2018.

**IV.-** Rematados os regulamentarios procesos selectivos correspondentes á segunda fase das ofertas de emprego público dos anos 2014, 2015 e 2016, os órganos de selección das prazas de técnico/a de administración xeral (rama xurídica), técnico/a de administración xeral (rama económica), enxeñeiro técnico en topografía e programador informático nas súas sesións finais dos procesos selectivos, documentadas nas correspondentes actas, por unanimidade de tódolos seus membros, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveron declarar que os aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarán parte da lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación, que son os correspondentes a seguinte relación:

#### **TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL RAMA XURÍDICA**

<b>Nº</b>	<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
1	ROMÁN DEL ARCO	PALOMA	***6447**
2	UGARTE ALONSO	BEATRIZ	***3962**
3	LORENZO RAMÍREZ	JUAN ANTONIO	***0160**



**Concello de Vigo**

**TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL RAMA ECONÓMICA**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	LORENZO RAMÍREZ	JUAN ANTONIO	***0160**

**ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	SÁNCHEZ DEL CUETO LOSADA	CARLOS	***3149**

**PROGRAMADOR/A INFORMÁTICO/A**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	IGLESIAS OTERO	MIGUEL ÁNGEL	***9941**
2	PÉREZ ÁLVAREZ	MANUEL	***4833**
3	CRUZ FRAGELA	GABRIEL IBÁN	***7202**
4	ALONSO GARCÍA	YAGO	***1700**

Non se formula proposta de aprobación da bolsa de emprego correspondente á praza de enxeñeiro de camiños, canais e portos, toda vez que só superou o proceso selectivo o aspirante proposto para ser nomeado funcionario de carreira.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

**II.-** No apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais da convocatoria establecíase que as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación.

**III.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas*



## Concello de Vigo

*sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renunciacións os supostos seguintes:*

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*

*As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.*

*No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.*

*No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

*“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.*

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 16 de xullo de 2016, expte. 28442/220, modificou puntualmente os ditos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 15 de xullo de 2016, engadindo o seguinte parágrafo:

*“Engadir ao punto V VALIDEZ DAS LISTAS DE RESERVA o acordo adoptado pola Comisión de seguimento das listas de reserva na súa reunión do 15/07/2016 a fin de reducir o mínimo legal de temas previsto no RD 896/1991, do 07 de xuño, nos seguintes termos:*

*“Reducirase o mínimo legal de temas previsto no RD 896/1991 do 07 de xuño, nos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos por prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce, convocados por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, nos supostos seguintes:*

- *exceso ou acumulación de tarefas,*
- *substitución transitoria dos titulares,*

*A dita redución afectará tamén aos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos en execución de programas con carácter temporal por doce meses (con cargo a subvencións, etc).*

*Conforme coa seguinte táboa:*

<i>Grupo de función</i>	<i>Número de temas</i>
<i>A1</i>	<i>60</i>
<i>A2</i>	<i>40</i>
<i>C1</i>	<i>25</i>



## Concello de Vigo

C2	12
E	7

*Exceptúanse expresamente, os supostos de nomeamentos de funcionarios interinos con cargo a vacantes ou daqueles nomeados en execución de programas de carácter temporal de duración superior a un ano”*

*- Modificar o punto VI COMISIÓN DE SELECCIÓN dos “Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias de emprego do Concello de Vigo” para garantir un mellor funcionamento, nos seguintes termos:*

- “Secretario/a: a Secretaría do Goberno Local, na súa condición de titular de fe pública municipal (no que non corresponda ao ámbito material da Secretaría Xeral do Pleno) ou funcionario/a en quen delegue”.*
- “A Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, titular das competencias de goberno en materia de recursos humanos e persoal, que terá voto de calidade nos debates da Comisión, actuando como suplentes indistintos os demais concelleiros delegados nomeados por Resolución da Alcaldía de 19 de xuño de 2015”*

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**“Primeiro.-** Aprobar as listas de substitucións de técnico/a de administración xeral (rama xurídica), técnico/a de administración xeral (rama económica), enxeñeiro técnico en topografía e programador informático, e que inclúen aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta dos respectivos órganos de selección contidas nas correspondentes actas, segundo relación seguinte:

### **TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL RAMA XURÍDICA**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	ROMÁN DEL ARCO	PALOMA	***6447**
2	UGARTE ALONSO	BEATRIZ	***3962**
3	LORENZO RAMÍREZ	JUAN ANTONIO	***0160**

### TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL RAMA ECONÓMICA

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	LORENZO RAMÍREZ	JUAN ANTONIO	***0160**

### ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	SÁNCHEZ DEL CUETO LOSADA	CARLOS	***3149**

### PROGRAMADOR/A INFORMÁTICO/A

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	IGLESIAS OTERO	MIGUEL ÁNGEL	***9941**
2	PÉREZ ÁLVAREZ	MANUEL	***4833**
3	CRUZ FRAGELA	GABRIEL IBÁN	***7202**
4	ALONSO GARCÍA	YAGO	***1700**

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### Acordo





## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(478).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SETE OPERARIOS-PEÓN, DOUS/DÚAS OFICIAIS XARDINEIROS E UN/UNHA OFICIAL CONDUTOR, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO POLO QUE SE APROBA O TRBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE. 34091/220.**

Visto o informe de fiscalización do 24/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/05/19, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 30/04/2019, o Xefe do servizo de Limpeza remite oficio conformado polo polo concelleiro delegado de xestión municipal, patrimonio, administración electrónica, fomento, limpeza e contratación, manifestando a urxente necesidade de dous/dúas oficiais xardineiros, un/unha oficial condutor/a e sete operarios/as peóns para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 16/05/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas oficiais xardineiros, un/unha oficial condutor/a e sete operarios/as peóns por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 16/05/2019, emítese polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

## I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*



## Concello de Vigo

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 234-oficial xardineiro/a, 233-oficial condutor/a e 158-peón traballos exteriores), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do Xefe de limpeza, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013,



## Concello de Vigo

do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dous/dúas oficiais xardineiros, un/unha oficial condutor/a e sete operarios/as peóns para limpeza, supón un gasto de **113.514,00 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **39.383,32 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente " Que verificadas as listaxes de reserva para as categorías de oficial xardineiro/a, oficial condutor/a e operario/a peón, existes listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais xardineiros/as de D<sup>a</sup>. María Fátima González Alonso, con DNI \*\*\*9706\*\* e D<sup>a</sup>. Yolanda Ogando Estévez, con DNI \*\*\*1249\*\*, como oficial condutor a D. Juan José Couceiro Blanco, con DNI \*\*\*6378\*\* e como operarios/peóns de D<sup>a</sup>. María Luisa Silva Domínguez, con DNI \*\*\*5210\*\*, D. Carlos Eléxpuru Pacheco, con DNI \*\*\*9845\*\*, D<sup>a</sup>. María del Mar Alonso Rodríguez, con DNI \*\*\*2530\*\*, D<sup>a</sup>. María del Carmen Martínez Giráldez, con DNI \*\*\*7335\*\*, D<sup>a</sup>. Antía Xisela Prado Grobas, con DNI \*\*\*7299\*\*, D. José Luis Silva Pereira, con DNI \*\*\*0448\*\* e D. Guillermo Agulla González, con DNI \*\*\*5769\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dez funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, **dous/dúas como oficiais xardineiros/as, un/unha como oficial condutor/a e sete como operarios/as peóns**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do servizo de Limpeza contidas no escrito do 30/04/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **113.514,00 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como oficiais xardineiros/as de D<sup>a</sup>. María Fátima González Alonso, con DNI \*\*\*9706\*\* e D<sup>a</sup>. Yolanda Ogando Estévez, con DNI \*\*\*1249\*\*, como oficial condutor a D. Juan José Couceiro Blanco, con DNI \*\*\*6378\*\* e como operarios/peóns de D<sup>a</sup>. María Luisa Silva Domínguez, con DNI \*\*\*5210\*\*, D. Carlos Eléxpuru Pacheco, con DNI \*\*\*9845\*\*, D<sup>a</sup>. María del Mar Alonso Rodríguez, con DNI \*\*\*2530\*\*, D<sup>a</sup>. María del Carmen Martínez Giráldez, con DNI \*\*\*7335\*\*, D<sup>a</sup>. Antía Xisela Prado Grobas, con DNI \*\*\*7299\*\*, D. José Luis Silva Pereira, con DNI \*\*\*0448\*\* e D. Guillermo Agulla González, con DNI \*\*\*5769\*\*, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas correspondentes que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos (posto cód. 234-oficial xardineiro/a, 233-oficial condutor/a e 158-peón traballos exteriores), sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.



## Concello de Vigo

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Instar a Xefatura da Área/Servizo para a realización do correspondente documento organizativo no cal se analicen as necesidades estruturais e temporais de efectivos nos departamentos ao seu cargo, establecendo a obriga de remitilo á Concellaría-delegada de xestión municipal para a realización das actuacións pertinentes.

**SEXTO:** Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de Limpeza, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **12(479).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ARRENDAMENTO DUN SISTEMA COMPLETO DE CLIMATIZACIÓN PARA O PAVILLÓN CENTRAL DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DAS TRAVESAS. EXPTE. 18645/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 29/05/19, e o informe de fiscalización do 29/05/19, dáse conta do informe-proposta de data, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### 1.- ANTECEDENTES:

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do Concello de Vigo, recolle dentro do Programa 3420, a aplicación orzamentaria 3420 203 0010 – Aluguer equipo de climatización Pavillón Travesas”.

2.- Con data 15/05/2019, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón Central do Complexo deportivo municipal das Travesas.

3.- Con data 15/5/2019, á vista do informe do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concelleiro de deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón Central do Complexo deportivo municipal das Travesas.

#### **2.- Condicións definitorias do contrato:**

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón Central do Complexo deportivo municipal das Travesas.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente ó arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón Central do Complexo deportivo municipal das Travesas.





## Concello de Vigo

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de subministro, previsto no artigo 16 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Non se contempla a división en lotes do contrato por constituír unha única prestación, e polo tanto, tal e como prevé o art. 99.3 da LCSP a sensu contrario, a súa natureza e obxecto non permite a realización independente de distintas partes.

### **b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.**

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

### **c.- Orzamento base de licitación:**

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

## **4. Prezo do contrato e xustificación**

### **4.1.- Prezo do contrato**

O prezo do contrato é certo segundo o previsto no artigo 102 da LCSP, aboándose ao contratista en función da prestación realmente executada e formulándose en termos de prezo aplicable a tanto alzado á totalidade. No prezo se entenderá incluído o importe a aboar en concepto de IVE, indicándose como partida independente.

O prezo é, así mesmo, axeitado para o efectivo cumprimento do contrato.

No presente suposto, tal e como consta anteriormente, trátase dun contrato de subministro en réxime de aluguer regulado no artigo 16 da LCSP, que ten por obxecto un arrendamento. En consecuencia e de conformidade co establecido no artigo 102.4 o prezo do contrato formularase en termos de prezo a tanto alzado á totalidade tendo en conta que o obxecto deste contrato consiste no arrendamento dun único ben a subministrar e entregar nun momento único.

### **4.2.- Orzamento base de licitación**

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese nunha anualidade, o importe para a totalidade do contrato estímase en 46.200,00 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 9.702,00 € o cal totaliza un importe de 55.902,00 € con IVE (21%).

Atendendo as peculiaridades dos equipamentos obxecto do subministro a través deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezo unitario referido ó artigo vinculado ó contrato e especificadoo no anexo I do Prego de Prescricións Técnicas particulares.

Pola natureza do obxecto do contrato que consiste no arrendamento dun único ben a subministrar e entregar nun momento único, non se estiman custos indirectos.

### **Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato**

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 28 da LCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vinculadas directamente coas necesidades propias dos servizos que presta o Servizo de Deportes en relación á competencia municipal para a “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”, e de forma específica na propia memoria xustificativa do proxecto de actuación que se contempla neste expediente no cal se definen as peculiaridades destas actuacións.

Conta con informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do subministro asinado polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo de data 15 de maio de 2019.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no (art. 25.2 I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

O presente contrato será calculado en termos de prezo do sumatorio dos gastos que inclúe o transporte, instalación, posta en funcionamento e retirada dos equipos unha vez finalizado o campionato do mundo júnior de balonmán, calculado tendo en conta que non se contemplan prórrogas nin se prevén modificacións debido a natureza do obxecto do contrato, establecéndose como prezo de licitación para dito contrato o de 46.200,00 € sen ive, cun importe correspondente ó ive (21%) de 9.702,00 € o cal totaliza un importe de 55.902,00 € con IVE (21%).

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3420	203 0010	Aluguer equipo de climatización Pavillón Travesas
------	----------	---

O valor estimado do contrato establécese en 46.200,00€

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos



## Concello de Vigo

existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún.

### **d.- Revisión de prezos.**

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

### **e.- Réxime de pagamento:**

O importe do prezo satisfaráselle ó contratista á finalización do campionato do mundo de balonmán, a partir do 28 de xullo de 2019.

### **f.- Clasificación contratistas**

Non procede.

### **g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:**

Solvencia económica e financeira:

- Consideraranse con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato, referidos a negocios que se atopen vinculados co ámbito ao que se refire o contrato, polo cal os mesmo deberán ter unha referencia directa co aluguer de equipos de climatización. Acreditarase, esta solvencia, mediante unha declaración sobre o volume anual de negocios e a presentación da fotocopia compulsada das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica e profesional:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que indique importe, data e destinatario, público ou privado dos mesmos.

Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos de igual ou similar natureza, por importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 100% do importe do contrato.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado

expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

#### Xustificación da solvencia:

Os requisitos de solvencia esixidos nesta contratación están directamente vinculados ao obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose que a solvencia requirida garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

#### **h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.**

De conformidade ao establecido no artigo 145 da LCSP para a valoración das proposicións e determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, e en base ao exposto na presente memoria, deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato.

No presente suposto só se aplicarán criterios avaliábeis a través de fórmula, para o que se opta pola identificación dos seguintes criterios que de forma global representan aspectos relevantes e identificadores de calquera das propostas presentadas e que teñen unha incidencia directa sobre o custe dos servizos a realizar.

Os criterios avaliábeis mediante fórmula terán unha puntuación máxima de **cen (100) puntos** que serán distribuídos nos seguintes criterios:

Para o proceso de avaliación mediante fórmula, óptase pola identificación como criterio de valoración a través de fórmula o prezo. Xustifícase a elección do referido criterio, de conformidade co establecido no artigo 145.3.f) LCSP por estar o produto perfectamente definido e non é posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións, motivo polo cal considérase como criterio máis axeitado a consideración do prezo como o único factor determinante da adxudicación.

**h.1.- Porcentaxe de desconto ofertado para os prezos unitarios previstos no PPT:** Valorarase ata un máximo de **100 puntos**, aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada.

O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa (indicado en valor porcentual cun máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos dos materiais a subministrar.

Para valorar este criterio as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte unha maior porcentaxe de desconto dos prezos unitarios.



## Concello de Vigo

### **i.- Subcontratación.**

Admítese nos termos previstos no artigo 215 do LCSP. Non se fixan tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

### **j.- Prazo de garantía:**

O prazo de garantía abarcará desde a posta en funcionamento ata a data de finalización do campionato do mundo de Balonmán, entre o 16 e o 28 de xullo de 2019.

### **k.- Garantía provisional e definitiva:**

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do prezo de adxudicación do contrato (sen iva).

### **l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.**

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de un (1) mes.

Atendendo as peculiaridades do obxecto do contrato en relación ó desenvolvemento do mesmo, e tendo en conta as peculiaridades do mesmo, este período enténdese como adecuado.

As características e necesidades concretas vinculadas co desenvolvemento do obxecto do contrato debe atender a necesidade de que o equipamento estea operativo o 12 de xullo de 2019. Non se contempla a posibilidade de prórroga do contrato.

### **m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.**

Non se fixan

### **n.- Modificación do contrato.**

En cumprimento do establecido no artigo 203 e seguintes da LCSP, os contratos so poderán ser modificados por razóns de interese público.

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, non se prevén modificacións ao mesmo.

### **o.- Seguro:**

Non se esixe.

### **3.- Proposta:**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria da contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón Central do Complexo deportivo municipal das Travesas.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón Central do Complexo deportivo municipal das Travesas, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 15 de maio de 2019.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica do servizo de Contratación con data 28 de maio de 2019.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **46.200,00€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de 9.702,00 € o cal totaliza un importe de **55.902,00 € con IVE (21%)**.

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento do servizo de Deportes na partida:

3420	203 0010	Aluguer equipo de climatización Pavillón Travesas
------	----------	---

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(480).- PROPOSTA EN RELACIÓN CO REQUIRIMENTO DE CUMPRIMENTO DE OBRIGAS REALIZADO AO CONCELLO DE VIGO POR PARTE DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO SOBRE O CONVENIO DE COLABORACIÓN “ABRIR VIGO AO MAR”. EXPTE. 6106/440.**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 30/05/19, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

I.- Con data 2 de maio de 2019 (Rexistro entrada número 190064459) tivo entrada nesta Administración municipal escrito do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, no que manifesta que *«Tras la realización de una inspección visual se sigue observando que el paseo de As Avenidas se encuentra en un mal estado en su conjunto como consecuencia de un deficiente mantenimiento. Además, respecto de la zona del paseo pilotado no colapsada se determina, de manera preliminar y de nuevo tras una simple visual, que el mismo está en un estado deficiente de conservación y por tanto no se recomienda su apertura al uso público, por lo que la Autoridad Portuaria lo mantiene vallado por motivos de seguridad»* e que *«También se observan deficiencias de conservación en la Plaza da Estrela»*, polo que *«Se recuerda que la obligación de dicho mantenimiento y conservación recae en el Concello de Vigo, atendiendo a la Cláusula Sexta del convenio, suscrito en fecha 2 de noviembre de 1992 entre el Municipio de Vigo, la Autoridad Portuaria de Vigo y el Consorcio de la Zona Franca de Vigo para el desarrollo de la actuación conocida como "Abrir Vigo al Mar"»* e *«se insta a esa Administración a la reparación y conservación de la zona en un estado adecuado para su uso»*.

O escrito conclúe sinalando que *«Por outra parte, de conformidad con la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público, se deberá proceder a la adaptación de dicho convenio antes de octubre de 2019, o bien a su modificación, o resolución de mutuo acuerdo y suscripción de un nuevo convenio»*.

II.- Con data 8 maio de 2019 recibíuse no Concello novo escrito do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo no que, tras sinalar que *«Es innegable que existen discrepancias entre ese Concello y esta Autoridad Portuaria sobre al alcance que el concepto "mantenimiento" atribuye a este Concello, dentro del Convenio "Abrir Vigo al Mar"»* e que *«no conviene mantener una disputa sin fin sobre este asunto (...)»* manifesta que *«Con ánimo de dar un paso definitivo a la solución de esta disputa, con fecha 2 de abril hemos dirigido a nuestra Asesoría Jurídica consulta sobre el asunto, mediante nota que se adjunta a este escrito»* e que *«Con fecha 17 de abril (...) se recibió contestación (...) de la Abogacía del Estado en Pontevedra (que) da la razón a la interpretación hecha por esta Autoridad Portuaria»*.

A vista deste informe da Abogacía do Estado, que achega ao seu escrito, a Autoridade Portuaria de Vigo, e a fin de resolver definitivamente esta cuestión, insta so Concello de Vigo ***«una contestación, en el sentido de aceptación de la obligación de ese Concello de hacerse cargo de la totalidad del mantenimiento integral de la zona abarcada por el***

**Convenio "Abrir Vigo al Mar" sin restricción alguna, en el sentido que indica la nota de la Abogacía del Estado en Pontevedra».**

E «Dado el lastimoso estado en el que se encuentra el paseo de las Avenidas, concretamente en el tramo del paseo en madera que transcurre desde el Náutico hasta la zona dañada por el accidente de O Marisquiño, y dado que próximamente se celebrarán los eventos de Vigo Seafest y de nuevo O Marisquiño» insta á Administración municipal a proceder á reparación de toda esa zona debendo comenzar as obras no prazo dun mes, coa advertencia de que noutro caso recorrerán ás vías xudiciais oportunas para solucionar este conflito.

III.- A Avogacía do Estado, no informe arriba referido, en relación co alcance da obriga de mantemento, asumida polo Concello de Vigo ao amparo do Convenio "Abrir Vigo al mar", conclúe que:

*«el convenio "Abrir Vigo al mar" impone al Ayuntamiento de Vigo la nítida obligación de "mantenimiento de toda la urbanización en perfecto estado de conservación". Y tal obligación no es excepcionada ni matizada en parte alguna del documento por razón de la situación, características o funcionalidad de los elementos que la integran. Tampoco se hace matiz alguno en dicha obligación por las causas que exigiesen tal mantenimiento, no excluyendo, pues, de su alcance las actuaciones necesarias para subsanar deterioros de determinado origen».*

A Avogacía do Estado chega á dita conclusión acudindo, para a interpretación do convenio, ás regras de interpretación dos contratos do Código Civil, sinaladamente ao artigo 1281 «Si los términos de un contrato son claros y no dejan duda sobre la intención de los contratantes, se estará al sentido literal de sus cláusulas» e que só «Si las palabras parecieren contrarias a la intención evidente de los contratantes, prevalecerá ésta sobre aquéllas»; e ao artigo 1289, de acordo co cal «Cuando absolutamente fuere imposible resolver las dudas por las reglas establecidas en los artículos precedentes, si aquéllas recaen sobre circunstancias accidentales del contrato, y éste fuere (...) oneroso, la duda se resolverá en favor de la mayor reciprocidad de intereses».

IV.- Dado traslado dos ditos escritos ao enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos, por este, con data 23 de maio de 2019, emitiu o informe que segue:

**«INFORME: SOBRE O ESCRITO DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO DE 2 DE MAIO EN RELACIÓN CO ESTADO DO PASEO DAS AVENIDAS NO MARCO DO CONVENIO "ABRIR VIGO AL MAR"».**

**ANTECEDENTES.**





## Concello de Vigo

1. A Autoridade Portuaria de Vigo remitiu o pasado 2 de maio de 2019 escrito comunicando o mal estado do paseo de As Avenidas e as deficiencias observadas na Praza da Estrela, ámbitos do convenio “Abrir Vigo al Mar” e instando ao Concello á súa reparación e conservación, en base as obrigas de mantemento que tería asumido a Administración Municipal sobre estes terreos.

2. En data 8 de maio de 2019 a Autoridade Portuaria de Vigo presenta novo escrito, onde insta a reparación da zona do paseo das Avenidas, e solicita contestación no sentido de aceptación da obrigación do Concello de facerse cargo do mantemento integral da zona abarcada polo Convenio “Abrir Vigo al Mar”, como se refire o informe da Abogacía do Estado en Pontevedra solicitado pola propia Autoridade Portuaria sobre a interpretación do convenio “Abrir Vigo al Mar”, anexado ao escrito.

3. Remitidos os ditos escritos para informe a este enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos, emítese o seguinte

### **INFORME**

#### **1. TITULARIDADE E USO DO PASEO DAS AVENIDAS.**

Todo o entorno a que se refiren os ditos escritos é de titularidade da Autoridade Portuaria de Vigo. A orden FOM 822/2015, 13 de abril de 2015, aprobou a delimitación de espazos e usos portuarios do Porto de Vigo, incluía o molle co entarimado de madeira nunha zona reservada para uso portuario náutico deportivo, mentres que o resto da zona contigua das Avenidas, con lousa de granito, e zonas verdes adícase a uso vinculado á interacción cidade – porto.

*Delimitación de usos portuarios na zoa das Avenidas (Orde FOM 822/2015)*

*En línea discontinua vermella ámbito titularidade da Autoridade Portuaria. En trama cor verde: uso náutico deportivo. En trama cor amarelo: uso interacción porto – cidade.*

A dita Orde FOM 822/2015 foi anulada, por motivos formais, por Sentencia da Audiencia Nacional de data 4 de decembro de 2017, confirmada polo Tribunal Supremo en xaneiro de 2019, pero os devanditos usos son os efectivamente implantados nos ditos ámbitos.

#### **2. O CONVENIO “ABRIR VIGO AO MAR”**

##### **2.1. Análise documentación convenios Concello - Autoridade Portuaria - Consorcio Zona Franca.**

O Concello de Vigo, a Autoridade Portuaria e o Consorcio da Zona Franca colaboraron na posta en marcha de diversas actuacións de urbanización da contorna

portuaria, formalizando esta colaboración a través de diversos convenios. Principalmente os relacionados co ámbito do presente informe:

Con data 2.11.1992 asinouse entre o Concello de Vigo, a Autoridade Portuaria e o Consorcio da Zona Franca un convenio de colaboración co obxecto de resolver os problemas urbanísticos do borde marítimo da cidade, comprendido na zona de servizo do Porto de Vigo, mediante unha actuación en tres vertentes: ampliación dos xardíns e ocio da zona; reordenación do tráfico rodado; e creación dun centro comercial especializado en actividades de ocio.

O Consorcio Zona Franca obrigouse a contratar e pagar as obras, nos termos que no convenio se consignan, e a elaborar un plan urbanístico especial que sería dirixido e asumido pola Xunta do Porto de Vigo e aprobado polo Concello de Vigo; este, pola súa parte, obrigouse ao «Mantenimento de toda la actuación en perfecto estado de conservación, bien con sus propios medios o bien con la oportuna contratación de obras y servicios.

El Ayuntamiento se compromete al pago del alumbrado público y del agua consumida en la fuentes p instalaciones de la zona, así como el mantenimiento de los jardines mobiliario urbano, limpieza, asfaltado, conservación de túneles, vigilancia, etc».

Por último o Porto de Vigo obrigouse á supervisión técnica obras e ao pago ao Consorcio da Zona Franca de Vigo das cantidades que no convenio se estipulan.

O prazo pactado para a vixencia do convenio é de 50 anos, ata 2042

Con data de 14 de maio de 2003 o alcalde-presidente do Concello de Vigo e Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo asinaron un convenio, en relación ás diferentes actuacións exectuadas ao amparo de diversos convenios referidos á contorna portuaria e, entre estas, no apartado 3.3.a) do dito convenio, contéplase a entrega ao Concello de Vigo das obras e das urbanizacións resultantes, incluídas na actuación «Abrir Vigo ao Mar», que no convenio se especifican: xardíns e paseos de Montero Ríos; paseo do porto deportivo; xardíns e praza da Estrela; e urbanización da rúa Cánovas del Castillo.

Na letra b, do dito apartado 3.3. faise constar que «O Concello asume o mantemento de ditos espazos cedidos de acordo co convenio establecido asumindo os gastos necesarios para o normal funcionamento dos mesmos».

Da documentación dos convenios se conclúe que o ámbito das obrigas de mantemento e conservación que asume o Concello de Vigo se limitan ás obras e urbanizacións resultantes levadas a cabo en execución do convenio de colaboración «Abrir Vigo al Mar», obxecto dos proxectos construtivos que conforman as actuacións a que se refire o dito convenio.

## **2.2. Obrigas do Concello sobre a estrutura de formigón do molle deportivo.**



## Concello de Vigo

*Consta diversa documentación gráfica que certifica a existencia da estrutura de formigón do molle deportivo colapsado xa a finais dos anos 80.*

*O proxecto de execución de ordenación do borde marítimo de Vigo ("Abrir Vigo ao Mar"), de data xaneiro do 1995, que recolle as actuacións acordadas no convenio "Abrir Vigo ao Mar", citadas anteriormente, contempla o entarimado de madeira do peirao do Porto Deportivo e prevé, respecto deste, o seguinte:*

*- No apartado 6 da memoria construtiva se inclúe textualmente «para el muelle del puerto deportivo se prevé entablado de madera de iroco sobre rastreles que permitirán la formación de plano horizontal sobre soporte existente, posibilitando la evacuación de las aguas de lluvia bajo el entablado hasta el mar».*

*- No plano nº 17 do mesmo proxecto se inclúe a denominada sección A estado actual na que se recolle o soporte ao que se facía mención anteriormente como existente, a cota +4,50 m, e se pode observar a presenza dun vehículo sobre dita estrutura.*

*- Nas seccións construtivas do proxecto, plano nº 130, tamén se recolle a estrutura de formigón como existente, tanto piares como lousa.*

*A vista do anterior cómpre indicar que a citada estrutura de formigón que se adentra e voa sobre lámina de auga e anterior temporalmente a calquera dos convenios firmados citados anteriormente. Tanto o proxecto de construción desa estrutura de formigón como a obra de execución do mesmo son descoñecidos e alleos a esta Administración municipal. O Concello de Vigo non tivo ningunha información nin participou na construción. Tampouco adquiriu respecto desta estrutura ningún tipo de obriga de mantemento e conservación ou calquera outro tipo de responsabilidade coa firma dos convenios posteriores firmados, que se cingiron a unhas actuacións concretas recollidas no proxecto Abrir Vigo ao Mar que, como se indicou nos parágrafos anteriores, non incluían a citada estrutura xa existente.*

### **2.3. Obrigas do Concello sobre o pavimento superficial de madeira e o pavimento de pedra.**

*O proxecto de execución de ordenación do borde marítimo de Vigo ("Abrir Vigo ao Mar"), de data xaneiro do 1995, que recolle as actuacións convenidas é, segundo vai dito, o que da orixe ao entarimado de madeira do molle do Porto Deportivo e o paseo de granito interior a este.*

*Como tamén se dixo anteriormente, o Concello ten a obriga de "Mantenimiento de toda la actuación en perfecto estado de conservación, bien con sus propios medios o bien con la oportuna contratación de obras y servicios.*

*El Ayuntamiento se compromete al pago del alumbrado público y del agua consumida en la fuentes p instalaciones de la zona, así como el mantenimiento de*

*los jardines mobiliario urbano, limpieza, asfaltado, conservación de túneles, vigilancia, etc”.*

*Para acoutar o alcance dos traballos de conservación e mantemento que debe asumir o Concello, débese acudir á definición que aparece para estes traballos na LCSP 9/2017, no artigo 232 e no TRLCSP 3/2011 no art. 122 onde se clasifican os distintos tipos de obras, segundo o seu obxecto e natureza, distinguindo as seguintes:*

- Obras de primer establecemento, reforma, restauración, rehabilitación o gran reparación.*
- Obras de reparación simple.*
- Obras de conservación y mantenimiento.*
- Obras de demolición.*

*A ditas categorías de obras defínense do seguinte modo:*

*Art. 122.3: El concepto general de reforma abarca el conjunto de obras de ampliación, mejora, modernización, adaptación, adecuación o refuerzo de un bien inmueble ya existente.*

*Art. 122.4: Se consideran como obras de reparación las necesarias para enmendar un menoscabo producido en un bien inmueble por causas fortuitas o accidentales...*

*Art. 122.5: Si el menoscabo se produce en el tiempo por el natural uso del bien, las obras necesarias para su enmienda tendrán el carácter de conservación. Las obras de mantenimiento tendrán el mismo carácter que las de conservación.*

*Por tanto, o Concello terá que asumir exclusivamente os deterioros que se produzan no pavimento de madeira —que non ten natureza estrutural— e no paseo peonil de pedra, polo natural uso do ben ao longo do tempo. Pero se os deterioros se producen por defectos de deseño ou de execución (labores estas nas que non participou o Concello), ou debido ao uso do entarimado ou do paseo de pedra en condicións distintas ás previstas, isto é, distintas ao seu uso normal (emprego para tráfico rodado por exemplo), as actuacións necesarias para a súa reposición, en canto que non son debidas ao uso normal ao longo do tempo, serían obras de reforma (mellora ou adecuación do paseo), de reparación ou gran reparación, se de elementos estruturais se trata, que quedarían todas fóra das obrigas municipais.*

*O uso en condicións distintas ao normal previsto está a suceder tanto no muelle con entarimado de madeira de As Avenidas como no paseo de pedra, previstos como de uso peonil no proxecto construtivo de “Abrir Vigo ao Mar” —proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e*



## Concello de Vigo

*descarga, se desvía polo vial de Montero Rios—, pero que se ven empregando, segundo se ten constatado, tamén para o tráfico rodado, e incluso para tráfico pesado de mercancías portuarias, o cal provoca a rotura do pavimento, ao someter este a cargas para as que non está deseñado.*

*A Autoridade Portuaria indica no seu escrito dirixido a Abogacía do Estado que se respetaron as vías de tren nese ámbito para permitir o paso de convoyes pesados por este medio de transporte. Ademáis indica que o proxecto do paso inferior está calculado para que a súa lousa superior soporte o peso de vehículos pesados e trenes, indicando tamén que o clausulado do título da concesión dese paso inferior indica que a lousa debe soportar o tráfico de vehículos pesados. Ao respecto desta afirmacións indicar que nada ten que ver o dimensionamento da lousa de formigón do paso inferior, que é un elemento estrutural do túnel (e como moito un elemento da base do firme), coa tipoloxía da capa superficial formada por pavimento de pezas de pedra e entarimado de madeira, dimensionada para tráfico peonil, como se recolle nos planos 9 e 37 do proxecto básico da actuación, do ano 1994; proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga, se desvía polo vial de Montero Rios, proxectando tráfico peonil polo paseo de pedra e o entarimado de madeira.*

*En canto ao feito de que se conserve o paso de trens sobre raís sobre o paseo, tal feito non supón que o pavimento de pedra que o rodea —calculado para soportar un uso peonil— permita o tráfico pesado, xa que estruturalmente a transmisión de cargas dos convoyes do tren se produce a través dos raís sobre a base de formigón e non sobre o pavimento de pedra que o rodea e é, daquela, independente da capacidade portante do pavimento superficial de pedra que rodea aos carrís, como ocorre co balasto e as travesas e raís nas vías convencionais.*

*Destacar asemade que no seu escrito de data 8 de maio, a Autoridade Portuaria insta ao Concello a reparación do ámbito, término que se recolle na LCSP 9/2017 no artigo 232. Clasificación de las obras, no seu apartado 4, “Se consideran como obras de reparación las necesarias para enmendar un menoscabo producido en un bien inmueble por causas fortuitas o accidentales. Cuando afecten fundamentalmente a la estructura resistente tendrán la calificación de gran reparación y, en caso contrario, de reparación simple”, por lo que cabe indicar que o obxecto e a natureza das obras solicitadas pola Autoridade Portuaria no último escrito presentado, nada ten que ver coas obrigacións de mantemento por parte do Concello derivadas da subscripción dos citados convenios.*

### **2.4. Praza da Estrela.**

*O estado de conservación da Praza da Estrela é en xeral bo, a excepción de algúns puntos que se solucionarían con actuacións puntuais de levantamento da zona afectada, reposición da base e do pavimento; actuacións que poderían considerarse comprendidas dentro das obriga municipais de mantemento e conservación da praza.*

### **3. CONCLUSIÓN.**

*A partir da análise anterior, conclúese sobre o ámbito e as obrigas neste:*

- A titularidade de todo o entorno é da Autoridade Portuaria.
- O molle deportivo colapsado é un pantalán executado nos anos 80, alleo ao Concello tanto o proxecto como a execución deste, sobre o que esta Administración non ten ningún tipo de obriga.
- O proxecto “Abrir Vigo al Mar” diseña e dimensiona, nos anos 90, as superficies dos ámbitos do peirao deportivo colapsado e do paseo contiguo como espazos peonís, prevendo como superficie do peirao deportivo colapsado un entarimado de madeira e para o paseo contiguo un enlousado de granito, calculado para soportar o tránsito de peóns. A circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga se desvía por Montero Rios.
- As obrigas de mantemento e conservación que asume o Concello de Vigo como consecuencia do convenio “Abrir Vigo ao Mar” se limitan, na opinión deste enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos, ás obras e urbanizacións resultantes levadas a cabo en execución do dito convenio; obras e urbanizacións que son obxecto dos proxectos construtivos que conforman as actuacións a que se refire o dito convenio e nas que non se inclúe a execución do pantalán colapsado, que xa existía.
  
- O Concello de Vigo ten a obriga de mantemento e conservación dos pavimentos de madeira e de pedra executados coas obras de “Abrir Vigo al Mar”, pero esta obriga de mantemento se limita á emenda dos menoscabos que se produzan neles no tempo, polo natural uso do ben, é dicir, polo tránsito exclusivamente peonil sobre o pavimento, pero non por usos distintos aos previstos no deseño, excluído do alcance das obrigas de conservación e mantemento que define a LCSP.

Queda constatado que unha vez realizadas as obras obxecto do convenio “Abrir Vigo al Mar” foron empregados estes pavimentos de madeira e pedra para usos non previstos como a circulación rodada e de vehículos pesados sobre eles. O deterioro destes ámbitos se debe a este tráfico rodado e pesado non previsto no proxecto.

As causas dos danos que presenta o ámbito actualmente son principalmente o emprego dos paseos para usos distintos aos previstos no deseño (emprego para o tráfico de mercancías portuarias pesadas), que provocan a rotura do pavimento, ao someter ao paquete de firmes a cargas para as que non está deseñada. A reparación deste danos require de actuacións definidas na Lei de Contratos como “obras de reforma” (mejora, modernización, adaptación, adecuación o refuerzo de un bien inmueble ya existente), fóra do alcance das obrigas de “conservación e mantemento” do Concello (según se analiza no apdo 3.2 do informe).

Por tanto, enténdese que non é responsabilidade do Concello a reforma do firme de granito necesaria para soportar as cargas que pretende a Autoridade Portuaria.

O Concello de Vigo non adquiriu ningún tipo de obriga de execución de obras de reparación en ningún dos ámbitos dos convenios do contorno portuario, como solicita a Autoridade Portuaria no seu último escrito».



## Concello de Vigo

### CONSIDERACIÓN DE DEREITO

**Primeira.-** Salvo no que se refire ao requirimento de adaptación do convenio á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e ás obras de mantemento e conservación da superficie da Praza da Estrela, a que se refire o informe técnico antes transcrito, procede rexeitar no demais, polo exposto no dito informe técnico e polas razóns que de seguido se expoñen, tanto a interpretación que do convenio realiza a Autoridade Portuaria, no que ás obrigas municipais se refire, como o requirimento de execución de obras que a Autoridade Portuaria dirixe a esta Administración municipal.

**Segunda.-** A aplicación ao convenio que nos ocupa, para a súa interpretación, dos preceptos dos artigos 1.281 a 1.289 do Código Civil, sobre a interpretación dos contratos, en modo algún conduce a conclusión que defende a Avogacía do Estado.

O convenio, no que ás obrigas que deste derivan para o Concello de Vigo, dispón:

*«VI) El Ayuntamiento se compromete, durante los cincuenta años de vigencia de este convenio, al mantenimiento de toda la actuación en perfecto estado de conservación, bien con sus propios medios o bien con la oportuna contratación de obras y servicios.*

*El Ayuntamiento de Vigo se compromete al pago del alumbrado público y del agua consumida en las fuentes o instalaciones de esta zona, así como al mantenimiento de los jardines, mobiliario urbano, limpieza, asfaltado, conservación de túneles, vigilancia etc.».*

O primeiro parágrafo desta cláusula establece con carácter xeral a obriga que o Concello de Vigo asume no convenio: «el mantenimiento de toda la actuación»; o segundo parágrafo especifica e pormenoriza, sen carácter taxativo, as concretas obrigas nas que se traduce a obriga xeral de mantemento da actuación e inclúe expresamente obrigas que non son de mantemento e conservación, como son as de sufragar os custes de auga e luz das fontes e instalacións desa zona.

O segundo parágrafo da cláusula transcrita non presenta problema interpretativo algún. É a interpretación do primeiro parágrafo, isto é, o alcance da obriga municipal de «mantenimiento de toda la actuación» a que suscita a discrepancia interpretativa: a Autoridade Portuaria e a Avogacía do Estado entenden que o Concello de Vigo asumiu no convenio a obriga de facerse cargo da totalidade do mantemento integral da zona abarcada polo convenio “Abrir Vigo ao Mar”, sen restrición algunha; o Concello, pola contra, entende que a súa obriga limitase ao mantemento e conservación das obras realizadas en execución do convenio, no ámbito a que se refire este.

Os artigos que cita a Avogacía do Estado, particularmente o 1.281 e 1.289 do Código Civil, lonxe de apoiar á interpretación que defende esta, conducen, como a continuación xustificamos, á interpretación que sostén o Concello de Vigo.

**Terceira.-** A expresión “mantemento” ou “obras de mantemento” tiña, no momento da sinatura do convenio —e segue a ter na actual lexislación da contratación pública— un significado preciso para a Administración do Estado e para as persoas xurídico públicas dependentes desta. Así o Regulamento Xeral de Contratación do Estado, aprobado por Decreto 3410/1975, 25 de novembro, en vigor no momento da sinatura do Convenio, distinguía no seu artigo 57 entre obras de primeiro establecemento, reforma e grande reparación; obras de reparacións menores; e obras de conservación e mantemento. Así, dispoñía o dito artigo 57 RXCE, de 1975 que:

*«A los efectos de elaboración de los correspondientes proyectos, se clasifican las obras, según su objeto y naturaleza, en los grupos siguientes:*

- a) Obras de primer establecimiento, reforma o gran reparación.*
- b) Obras de reparaciones menores.*
- c) Obras de conservación y mantenimiento.*

*Son obras de primer establecimiento las que dan lugar a la creación de un bien inmueble.*

*El concepto general de reforma abarca el conjunto de obras de ampliación, mejora, modernización, adaptación, adecuación o refuerzo de un bien inmueble ya existente.*

*Se consideran como obras de reparación las necesarias para enmendar un menoscabo producido en un bien inmueble por causas fortuitas o accidentales. Cuando afecten fundamentalmente a la estructura resistente, tendrán la calificación de gran reparación, y en caso contrario, de reparación menor.*

*Si el menoscabo se produce en el tiempo, por el natural uso del bien, las obras necesarias para su enmienda tendrán el carácter de conservación. Las obras de mantenimiento tendrán el mismo carácter que las de conservación».*

Esta mesma clasificación das obras mantívose nas leis posteriores reguladoras da contratación pública e mantense na vixente.

O concepto de obra de mantemento era, e segue a ser, daquela, un concepto preciso para as Administracións asinantes do convenio e ningunha razón hai para suscitar discrepancia interpretativa algunha sobre o seu concepto: a administración local asumiu a obriga de mantemento e conservación da actuación sen outras restricións que as que se derivan do propio concepto de obras de mantemento e conservación na lexislación de contratos do Estado; isto é, asumiu a obriga de emendar os menoscabos que se produzan nas obras





## Concello de Vigo

realizadas, no tempo, polo natural uso do ben; non asumiu abrigo algunha de realizar obras que excedan do dito concepto.

**Cuarta.-** Tampouco cabe aceptar a identificación que, a efectos interpretativos da cláusula de referencia, realiza a Abogacía do Estado, entre actuación e ámbito da actuación e non só porque son conceptos diferentes, senón, tamén, porque é principio da interpretación dos negocios xurídicos a necesidade de rexeitar as interpretacións que condúzan ao absurdo, e tal identificación e interpretación conduciría, como logo veremos, a un absurdo.

Define a R.A.E. o concepto de actuación como «Acción e efecto de actuar» e é neste mesmo sentido no que o convenio utiliza este concepto cando di, no parágrafo terceiro, *in fine*, da súa introdución que:

*«Con el fin de resolver estos problemas (urbanísticos do bordo marítimo), las tres instituciones públicas firmantes de este convenio han decidido unir sus esfuerzos con un objetivo común. **La actuación a desarrollar tiene tres vertientes:***

*La primera consiste en ampliar la parte de jardines y ocio de la zona.*

*La segunda, es reordenar el tráfico rodado, lo que redundará en una mejora de las comunicaciones terrestres del puerto.*

*La tercera, crear un centro comercial especializado en actividades de ocio, para que actúe de imán y atraiga a los ciudadanos hacia esta zona. Esto evitará que, como sucedió en otras ciudades, una zona de gran parque se degrade y se convierta en el refugio de los marginados sociales».*

As actuacións —ou actuación, en xeral— cuxo mantemento e conservación asume o Concello de Vigo a virtude do convenio, prodúcense e realízanse nun ámbito territorial, pero non son —as actuacións— nin poden identificarse co ámbito territorial no que se producen: a actuación ou actuacións obxecto do convenio son as obras executadas en cumprimento do convenio “Abrir Vigo ao Mar” e as urbanizacións resultantes destas, que son as que se reciben polo Concello de Vigo no convenio asinado por este e o Consorcio da Zona Franca de Vigo o 14 de marzo de 2003, a que se refire o informe técnico arriba transcrito; as actuacións obxecto do convenio non as superficies portuarias en cuxo ámbito se realizan as obras.

Identificar a obra e os seu resultado co ámbito da actuación no que se realizan estas e referir a este ámbito a obriga de mantemento e conservación conduce ao absurdo de entender que o mantemento e conservación de todos os molles que soportan actuacións do convenio —esto é, as obras executadas en virtude deste— corresponde ao Concello de Vigo, que debería vixiar, manter e conservar non só as súas superficies, urbanizadas en execución do convenio e destinadas ao tránsito peonil, senón, tamén, vixiar, manter e conservar os seus elementos estruturais: os bloques do cantil, o extradós e o trasdós do cantil, a banquetta e cimentación do molle, o recheo de todo o peirao e, incluso, vixiar o

calado dos cantís e realizar nas dársenas delimitadas por estes os dragados necesarios para manter os ditos calados.

Pero, é que, ademais, identificar a obra e os seu resultado co ámbito da actuación e referir a este último a obriga de mantemento conduce, tamén, ao absurdo de considerar ao Concello de Vigo responsable do mantemento e conservación de todas as edificacións portuarias sobre rasante existentes no molle de Trasatlánticos —excepción feita das da metade oeste do peirao de Trasatlánticos, que está excluído do ámbito superficial delimitado, anexo ao convenio—; das do molle do Comercio; das situadas nas Avenidas; das da praza da Estrela e das aledañas ao molle da Fruta, pois a delimitación do ámbito do Porto de Vigo, anexa ao convenio, no que haberían de desenvolverse as actuacións do convenio —que comprende unha superficie moi superior á que soporta as obras realizadas en execución do convenio— figuran incluídas tales edificacións.

En definitiva, tal e como se afirma no informe técnico, arriba transcrito, a obriga municipal de mantemento e conservación da actuación alcanza á emenda dos menoscabos que se produzan nas obras executadas en virtude do convenio, no transcurso do tempo, polo natural uso do ben, non as que excedan deste límite nin as de conservación e mantemento das molles e estruturas portuarias que soportan as obras executadas en desenvolvemento do convenio.

Pero, en calquera caso, aínda que os termos do convenio non estiveran tan claros como de feito o están, sería de aplicación o artigo 1.283 do Código Civil e non o artigo 1289.

Dispón o artigo 1283 que:

*«Cualquiera que sea la generalidad de los términos de un contrato, no deberán entenderse comprendidos en él cosas distintas y casos diferentes de aquellos sobre que los interesados se propusieron contratar».*

Porque, de acordo co dito, e claro que non era propósito das partes asinantes do convenio que o Concello de Vigo asumira o mantemento e conservación — integral e sen restrición algunha— de todos os molles, infraestruturas e edificacións portuarias incluídas na delimitación do ámbito a que se refire o convenio, que figura anexa a este.

Improcedente é a invocación que fai a Avogacía do Estado do artigo 1.289 do Código Civil para apoiar a interpretación do convenio que defende.

Dispón este artigo que:

*«Cuando absolutamente fuere imposible resolver las dudas por las reglas establecidas en los artículos precedentes, si aquéllas recaen sobre circunstancias accidentales del contrato, y éste fuere gratuito, se resolverán en favor de la menor transmisión de derechos e intereses. Si el contrato fuere oneroso, la duda se resolverá en favor de la mayor reciprocidad de intereses.»*



## Concello de Vigo

*Si las dudas de cuya resolución se trata en este artículo recayesen sobre el objeto principal del contrato, de suerte que no pueda venirse en conocimiento de cuál fue la intención o voluntad de los contratantes, el contrato será nulo».*

Resulta improcedente a súa invocación porque, en primeiro lugar, non existe, por todo o dito, ningunha dúbida que resolver respecto do alcance das obrigas asumidas no Convenio polo Concello de Vigo, pero é que se a dúbida interpretativa que plantexa a Autoridade Portuaria a Avogacía do Estado existira realmente, non sería esta unha dúbida que afecte a circunstancias accidentais do convenio —no que ao Concello de Vigo se refire— que deba resolverse en favor da maior reciprocidade de intereses, senón que trataríase dunha dúbida afectante ao obxecto principal do Convenio en relación ao Concello de Vigo —o alcance da súa obriga— que debería resolverse declarando a súa nulidade. Pois, o obxecto do convenio son as obrigas que por el se constitúen e, no que ao Concello de Vigo se refire, a obriga que asume este é a de mantemento e conservación das obras executadas en razón do convenio. Esta obriga, e as que asumen as outras partes, xunto co consentimento e a causa do Convenio, constitúen os elementos esenciais deste, polo que a dúbida sobre o alcance da prestación obxecto da obriga municipal —se existise, que non é o caso— debería de resolverse declarando a nulidade do Convenio.

En fin, os intereses que pondera a Avogacía do Estado na resolución a favor da Autoridade Portuaria da dúbida interpretativa que esta lle presenta non son, nin moito menos, os que resultan do convenio: as actuacións do convenio reordenan, por razón dos seus problemas urbanísticos, unha zona portuaria, en perigo de degradación —cuxo mantemento e conservación correspondía á Autoridade Portuaria antes da sinatura do Convenio— e crean novos espazos portuarios susceptibles de concesión administrativa e, daquela, de xerar novos ingresos para a Autoridade Portuaria. As obras as realiza o Consorcio da Zona Franca que se retribúe cos ingresos xerados por estas novas concesións administrativas do Porto de Vigo ata cubrir o custe da inversión capitalizada ou ata a fin do prazo Convenio. O Concello de Vigo, en fin, libera ao Porto de Vigo do mantemento e conservación das obras realizadas en execución do convenio na medida en que estas benefician tamén a cidade.

Se algún desequilibrio económico prestacional se derivara da interpretación que aquí se defende —que non o hai— este o sería a favor do Concello de Vigo, que asume unha obriga sobre a urbanización resultante da execución do convenio, inexistente para a Administración municipal respecto da urbanización anterior a execución das obras do convenio, cuxo mantemento e conservación pesaba sobre a Autoridade Portuaria, non obstante estar aberta —en boa parte— tamén á cidade.

**Quinta.-** Precisamente, con relación á zona do paseo das Avenidas, con entarimado de madeira, que se atopa pechada aos peóns por motivos de seguridade, a interpretación municipal é a que está implícita no Oficio do Xulgado de Instrución número 3 de Vigo, de data 28 de novembro de 2018, que ante a falta de garantías de seguridade da zona adxacente, requiriu á Autoridade Portuaria, atendendo a condición de titular e competente en materia de dominio público estatal e no ámbito das Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 1682/2018, para que procedese a adoptar as medidas que estimase oportunas

para garantir a seguridade na zona, procedendo se así o estimaba necesario ao seu derribo e nova construción.

**Sexta.-** Polo demais, cómpre subliñar tamén aquí, no que ao «*tramo del paseo en madera que transcurre desde el Náutico hasta la zona dañada por el accidente de O Marisquiño*» se refire, que mediante Orde FOM/822, 13 de abril de 2015, aprobouse a delimitación de espazos e usos portuarios do Porto de Vigo, publicada no BOE de 6 de maio de 2015 (en adiante, DEUP)

Esta división de usos, segundo se di na Memoria da delimitación realizouse tras un exhaustivo estudo das necesidades portuarias coa finalidade de racionalizar a actividade portuaria e o exercicio das competencias estatales.

Polo tanto, a división efectuada delimita de forma rigorosa os espazos destinados aos distintos usos sen que podan coexistir diversos usos nun mesmo espazo. En concreto:

*«Por lo que se refiere a la delimitación de la zona de Servicio, la DEUP establecerá unos límites de los bienes de dominio público necesarios para la actividad portuaria. Estos límites serán el resultado final de una reflexión sobre las superficies, terrenos y lámina de agua que resulten necesarios para ejercitar las competencias de explotación portuaria que la Ley atribuye a las Autoridades Portuarias, con una clara visión de futuro contemplando, si fuera necesario, la inclusión de zonas de reserva.*

*Esto significa, en consecuencia, que la DEUP no es la fijación de una línea más o menos caprichosa del dominio público, sino el resultado final de un estudio y análisis de necesidades, demanda, tráfico y previsiones de optimización de la gestión portuaria, por lo que la Ley exige la justificación de la necesidad de las zonas y usos (art. 69.3 del RD Legislativo 2/2011).*

*Reflejo de una síntesis de la organización básica del Puerto, la asignación de usos a las diferentes zonas es la vía rigurosa para poder delimitar finalmente la zona de servicio, eliminando así inclusiones o ampliaciones caprichosas de la zona de servicio y tratando de racionalizar, en definitiva, la actividad portuaria y el ejercicio de las competencias estatales en el territorio de un municipio».*

En base a este estudo de necesidades, o tramo de madeira que transcurre dende o Náutico ata a zona danada polo accidente do Marisquiño se incluíu dentro do espazo destinado a uso náutico deportivo. Este uso se asigna a maior parte das instalacións actuais do porto deportivo, actualmente outorgadas en concesión ao Real Club náutico de Vigo.

Dito espazo se define na Memoria como:

*«Es el asignado a aquellos espacios que sirven para el desarrollo de prácticas náutico-deportivas o que están destinados al atraque, fondeo, estancia, avituallamiento, reparación y mantenimiento de embarcaciones de esta naturaleza.*



## Concello de Vigo

*Incluye los muelles y pantalanos al servicio de esta actividad, así como las superficies terrestres dedicadas a la instalación de servicios de apoyo necesarios, incluidos los almacenes, talleres o astilleros de reparación y construcción de este tipo de embarcaciones, los locales para la venta o reparación de efectos navales o las instalaciones deportivas complementarias a las mismas.*

*Al igual que el uso pesquero, estas actividades no pueden incluirse entre las comerciales, de conformidad con los artículos 3.3. b) del RD Legislativo 2/2011, pero también deben integrarse en la gestión de los puertos comerciales si están incluidos en su zona de servicio, según dispone el artículo 3.6. del citado RD Legislativo».*

O ámbito Das Avenidas, pola contra, se inclúe no ámbito da zona de uso vinculado á interacción Porto-cidade. Este uso se define na Memoria da Delimitación do xeito que segue:

*«De conformidad con el artículo 72.1 del RD Legislativo 2/2011, los terrenos destinados a estos usos deberán ser aquellos que no reúnan las características naturales de bienes de dominio público marítimo-terrestre definidos en el artículo 3 de la Ley 22/1998 de Costas y que, por causa de la evolución de las necesidades operativas de los tráficos portuarios, hayan quedado en desuso o hayan perdido su funcionalidad o idoneidad técnica para la actividad portuaria».*

Cómpre poñer de releve o recoñecemento por parte da Autoridade Portuaria de que os ámbitos que vimos de referir son totalmente independentes e teñen uns usos perfectamente diferenciados. Nótese a este respecto que o artigo 72 Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante regula entre os usos propiamente portuarios os “usos náuticos deportivos”, establecendo como un suposto excepcional o uso vinculado a interacción porto-cidade.

O feito de que a Autoridade Portuaria incluíra este tramo dentro do espazo destinado ao uso náutico-deportivo, delimitado no DEUP, que conleva uns usos portuarios específicos incompatibles cos propios do espazo destinado ao uso de interacción Porto Cidade (atraque, fondeo, estancia, avituallamiento, reparación e mantemento de embarcaciones destinadas a e prácticas náutico-deportivas) revela o propósito da Autoridade Portuaria de excluir o dito espazo da aplicación do Convenio “Abrir Vigo al Mar”.

Porén, aínda admitindo que a obriga municipal de mantemento e conservación alcanzara a este ámbito, a obriga municipal se limitaría, tal e como se afirma no informe técnico que vai transcrito e se xustifica máis arriba, ás obras de mantemento e conservación do entarimado de madeira executado a virtude do convenio sobre o molle preexistente, e non á estrutura portante deste nin aos seus cimentos; obras de mantemento e conservación, que, polo seu propio concepto, haberían de limitarse a enmenda dos menoscabos producidos no tempo polo natural uso do ben —o peonil, previsto inicialmente no convenio para este entrimado—

e non aos provocados por un uso diferente, como é a utilización do entarimado para labores de avituallamiento, reparación e mantemento de embarcaciones destinadas a e prácticas náutico-deportivas, con utilización do entarimado para o acceso dos vehículos necesarios a tales fins.

Aínda que a dita Orde FOM 822/2015 foi anulada, por motivos formais, por Sentencia da Audiencia Nacional de data 4 de decembro de 2017 e confirmada polo Tribunal Supremo, en xaneiro de 2019, o certo é que os devanditos usos son os efectivamente implantados nos ditos ámbitos e tras a corrección dos defectos formais nos que incurriu a súa aprobación é dable esperar que a nova delimitación respecte as razón materiais que xustificaron a delimitación anulada e reproduza esta.

Con todo, e para finalizar este apartado, non podemos esquecer que, segundo noticias aparecidas na prensa da cidade, toda a estrutura do molle deportivo parcialmente colapsada atópase en moi mal estado, de xeito que o que procede actualmente é a súa reparación integral ou a substitución de todo o peirao, con previsible reposición, substitución ou recolocación do entarimado de madeira; obras totalmente alleas e distintas das de mantemento e conservación, de responsabilidade do Concello de Vigo

**Sétima.-** Polo que se refire ao requirimento de reparación das lousas de granito do Paseo de Avenidas cómpre reproducir as consideracións realizadas polo enxeneiro municipal de camiños, canais e portos no informe transcrito nos antecedentes:

*«(...) o Concello terá que asumir exclusivamente os deterioros que se produzan no pavimento de madeira —que non ten natureza estrutural— e no paseo peonil de pedra, polo natural uso do ben ao longo do tempo. Pero se os deterioros se producen por defectos de deseño ou de execución (labores estas nas que non participou o Concello), ou debido ao uso do entarimado ou do paseo de pedra en condicións distintas ás previstas, isto é, distintas ao seu uso normal (emprego para tráfico rodados por exemplo), as actuacións necesarias para a súa reposición, en canto que non son debidas ao uso normal ao longo do tempo, serían obras de reforma (mellora ou adecuación do paseo), de reparación ou gran reparación, se de elementos estruturais se trata, que quedarían todas fóra das obrigas municipais.*

*O uso en condicións distintas ao normal previsto está a suceder tanto no muelle con entarimado de madeira de As Avenidas como no paseo de pedra, previstos como de uso peonil no proxecto construtivo de “Abrir Vigo ao Mar” —proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga, se desvía polo vial de Montero Rios—, pero que se ven empregando, segundo se ten constatado, tamén para o tráfico rodado, e incluso para tráfico pesado de mercancías portuarias, o cal provoca a rotura do pavimento, ao someter este a cargas para as que non está deseñado.*



## Concello de Vigo

*A Autoridade Portuaria indica no seu escrito dirixido a Abogacía do Estado que se respetaron as vías de tren nese ámbito para permitir o paso de convoyes pesados por este medio de transporte. Ademais indica que o proxecto do paso inferior está calculado para que a súa lousa superior soporte o peso de vehículos pesados e trenes, indicando tamén que o clausulado do título da concesión dese paso inferior indica que a lousa debe soportar o tráfico de vehículos pesados. Ao respecto desta afirmacións indicar que nada ten que ver o dimensionamento da lousa de formigón do paso inferior, que é un elemento estrutural do túnel (e como moito un elemento da base do firme), coa tipoloxía da capa superficial formada por pavimento de pezas de pedra e entarimado de madeira, dimensionada para tráfico peonil, como se recolle nos planos 9 e 37 do proxecto básico da actuación, do ano 1994; proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga, se desvía polo vial de Montero Rios, proxectando tráfico peonil polo paseo de pedra e o entarimado de madeira.*

*En canto ao feito de que se conserve o paso de trens sobre raís sobre o paseo, tal feito non supón que o pavimento de pedra que o rodea —calculado para soportar un uso peonil— permita o tráfico pesado, xa que estruturalmente a transmisión de cargas dos convoyes do tren se produce a través dos raís sobre a base de formigón e non sobre o pavimento de pedra que o rodea e é, daquela, independente da capacidade portante do pavimento superficial de pedra que rodea aos carrís, como ocorre co balasto e as travesas e raís nas vías convencionais.*

*Destacar asemade que no seu escrito de data 8 de maio, a Autoridade Portuaria insta ao Concello a reparación do ámbito, término que se recolle na LCSP 9/2017 no artigo 232. Clasificación de las obras, no seu apartado 4, “Se consideran como obras de reparación las necesarias para enmendar un menoscabo producido en un bien inmueble por causas fortuitas o accidentales. Cuando afecten fundamentalmente a la estructura resistente tendrán la calificación de gran reparación y, en caso contrario, de reparación simple”, por lo que cabe indicar que o obxecto e a natureza das obras solicitadas pola Autoridade Portuaria no último escrito presentado, nada ten que ver coas obrigacións de mantemento por parte do Concello derivadas da subscripción dos citados convenios».*

As razóns que aduce o enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal para xustificar a oposición ao requirimento da Autoridade Portuaria ao Concello de Vigo para que proceda a reparación das lousas de granito do Paseo de Avenidas son —entendemos— plenamente fundadas e concordes con canto vimos de dicir. Soamente, cómpre engadir agora que a virtude do Convenio a Autoridade Portuaria de Vigo asumiu a obriga da **supervisión técnica das obras** obxecto do mesmo (apartado III, *in fine* do convenio) e que se a Autoridade Portuaria pretendía utilizar o paseo peonil das Avenidas para a circulación do transporte portuario non so a través do tren —cuxos raís transmiten directamente as toneladas de carga á lousa de formigón superior do túnel inferior, calculada a tal fin — senón, tamén, a través de camións de grande tonelaxe, como son os que, co seu tránsito, teñen provocado a penosa situación actual en que se atopa a parte inferior do Paseo das Avenidas —non da superior que ven sendo utilizada exclusivamente para o tránsito peonil e atópase en perfecto

estado— o que tiña que ter feito a Autoridade Portuaria de Vigo, en cumprimento da súa obriga de supervisión técnica, era esixir o dimensionamento das lousas de pedra nesta parte do paseo adecuado a tonelaxe máxima que haberían de soportar estas.

Daquela, procede rexeitar tamén este requirimento da Autoridade Portuaria, pois as obras cuxa execución insta esta non son obras de mantemento e conservación, senón como di o enxeñeiro municipal de reparación ou de grande reparación se afectaran a elementos estruturales do recheo

Pero, é que tampouco procede reparar esta zona do paseo das Avenidas substituíndo as lousas rotas por outras iguais en perfecto estado. Se a Autoridade Portuaria pretende seguir facendo pasar camións de grande tonelaxe polo Paseo das Avenidas o que ten que facer e substituír o pavimento e colocar outro —o que considere oportuno— adecuado ás cargas que deberá soportar para permitir o paso dos transportes especiais portuarios, e esta obra nin tería o carácter de obra de mantemento e conservación, nin sería de responsabilidade do Concello de Vigo.

Corroborar isto último o feito de que, a mediados do ano 2017, esta zona do paseo atopábase no mesmo mal estado no que se atopa na actualidade e que a Autoridade Portuaria de Vigo procedeu a reparación desta, substituíndo as lousas rotas e afundidas por outras novas da mesmas dimensións. Como queira que a Autoridade Portuaria seguiu utilizando esta zona do paseo para o tránsito de vehículos de grande tonelaxe para transportes especiais portuarios, sen tomar en consideración a insuficiencia deste firme para soportalos, o paseo das Avenidas, nesta concreta zona, volve a atoparse no lamentable estado no que se atopaba dous anos atrás: o que procede —temos que volver a insistir— é substituír o pavimento desta zona do paseo e colocar outro —o que se considere oportuno— adecuado ás cargas que deberá soportar para permitir o paso dos transportes especiais portuarios. No diario La Voz de Galicia, de 27 de xuño de 2017, recóllese a noticia do inicio das devanditas obras pola Autoridade Portuaria de Vigo así como fotografías do estado do paseo en xuño de 2017.

**Oitava.-** Por último, verbo da adecuación do Convenio á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa se dixo que tal adecuación é procedente, e non so procedente, senón legalmente obrigada.

O Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seus artigos 47 a 53, contén, tal e como sinala a súa exposición de motivos, un réxime completo dos convenios das Administracións Públicas, que fixa o contido mínimo destes, as súas clases, a duración máxima e a súa extinción e asegura o control destes polo Tribunal de Contas.

A disposición adicional oitava do mesmo texto establece que todos os convenios vixentes asinados por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán adaptarse ao previsto na Lei no prazo de tres anos a contar dende a súa entrada en vigor —o 2 de outubro de 2016— e que, non





## Concello de Vigo

obstante, esta adaptación será automática no que se refire ao prazo de vixencia do convenio, por aplicación directa das regras previstas no artigo 49.h).1.º para os convenios que non tiveran determinado un prazo de vixencia ou, existindo éste, tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei. Nestes casos o prazo de vixencia do convenio será de catro anos a contar dende a entrada en vigor da Lei.

En cumprimento desta disposición, o Concello de Vigo convocou en varias ocasións ás partes asinantes do Convenio “Abrir Vigo ao Mar” a reunións para adaptar este Convenio, e os asinados en desenvolvemento do mesmo, á Lei 40/205 LRXSP e propuxo na última das reunións mantidas a tal fin coas representacións da Autoridade Portuaria e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, que tivo lugar o 15 de outubro de 2018, un novo texto de convenio para o relativo ao Paseo Marítimo de Bouzas; texto que foi rexeitado pola Autoridade Portuaria de Vigo, sen ofrecer un documento alternativo, nin explicación algunha a tal rexeitamento. A partir deste momento interrompéronse as ditas reunións, cuxa reanudación solicita agora a Autoridade Portuaria e que, desde logo, procede acordar.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Rexeitar a interpretación que a Autoridade Portuaria de Vigo fai da obriga asumida polo Concello de Vigo, no convenio de colaboración, de 2 de novembro de 1992, coñecido como “Abrir Vigo ao Mar”, asinado polo Concello de Vigo, a entón Xunta de Obras do Porto e Ría de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, conforme a cal es *«obligación de ese Concello de hacerse cargo de la totalidad del mantenimiento integral de la zona abarcada por el Convenio "Abrir Vigo al Mar" sin restricción alguna, en el sentido que indica la nota de la Abogacía del Estado en Pontevedra»*.

**SEGUNDO.-** Contestar á Autoridade Portuaria de Vigo, en resposta ao seu requirimento de aceptación da anterior interpretación, que esta Administración municipal considera que os termos do Convenio son claros e debe estarse ao sentido literal das súas cláusulas, conforme ás cales o Concello de Vigo, no Convenio “Abrir Vigo ao Mar” asumiu a obriga de emendar os menoscabos que se produzan, no tempo, nas obras realizadas en execución do Convenio, polo natural uso das mesmas; uso das obras que no Convenio, e nas zonas a que os escritos da Autoridade Portuaria de Vigo se refire, se prevía de tránsito peonil.

En ningún caso pode entenderse que, a virtude do Convenio, o Concello de Vigo asumiu a obriga de vixiar, manter e conservar ademais das superficies urbanizadas e elementos instalados como resultado das obras realizadas en execución do Convenio, e destinadas ao tránsito peonil, as estruturas dos molles que soportan estas obras do Convenio, isto é vixiar, manter e conservar os elementos estruturais dos mesmos molles: os bloques do cantil, o extradós e o trasdós do cantil, a banquetta e cimentación do molle, o recheo de todo o peirao e, incluso, vixiar o calado dos cantís e realizar nas dársenas delimitadas por estes os dragados necesarios para manter os ditos calados.

**TERCEIRO.-** Rexeitar, daquela, os requirimentos de execución de obras dirixidos pola Autoridade Portuaria de Vigo a esta Administración municipal, nos escritos referidos nos antecedentes deste acordo, e reconvir a Autoridade Portuaria de Vigo e requirila para que, no prazo do mes considerado pertinente por esta, proceda a realizar as obras cuxa execución indebidamente reclama do Concello de Vigo, excepción feita das obras de mantemento e conservación na Praza da Estrela pendentes de executar polo Concello de Vigo, a que se refire o informe técnico transcrito nos antecedentes do presente acordo.

**CUARTO.-** Advertir a Autoridade Portuaria de Vigo, que en aplicación do artigo 51.2.c) LRXS, no caso incumprimento do anterior requirimento o Concello de Vigo notificará ás partes asinantes do Convenio a concorrencia de causa de resolución e se entenderá resolto o Convenio.

**QUINTO.-** Solicitar da Autoridade Portuaria o sinalamento de data, hora e lugar para a reanudación das reunións iniciadas coas partes asinantes do convenio “Abrir Vigo ao Mar” e os posteriores asinados en desenvolvemento deste, para proceder á adaptación destes ás prescricións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(481).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez